

A EUROPA DAS LINGUAS

ACHEGAMENTO Á REALIDADE LINGÜÍSTICA
BASCA, GALEGA E BRETOA



A Europa das linguas
Achegamento á realidade lingüística basca, galega e bretoa

Xosé Lois Bouzas Millán
Xabier Camba Sanmartín
Xosé Luis González Sende

Edita
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega
Rúa Laracha, 9-baixo
15.010 A Coruña
www.as-pg.com
informacion@as-pg.com

ISBN: 84-896779-67-3
Depósito legal: C-1264/02

Co apoio da Comisión Europea

ÍNDICE

BLOQUE PRIMEIRO	
A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA NO MUNDO	7
BLOQUE SEGUNDO	
LINGUAS NON NORMALIZADAS EN EUROPA	13
BLOQUE TERCEIRO	
LITERATURA E SOCIEDADE	24
BLOQUE CUARTO	
COMUNICACIÓN	39
BLOQUE QUINTO	
MOCIDADE E LINGUA	42
ANEXO I	53
ANEXO II	64
ANEXO III	71
ANEXO IV	74
ANEXO V	75
ANEXO VI	76
ANEXO VII	81

BLOQUE PRIMEIRO

A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA NO MUNDO

1. Esquema de contidos

1.1. Contidos conceptuais.

- I. A diversidade: humana, cultural, lingüística, a biodiversidade.
- II. As familias de linguas.
- III. Os diferentes grupos lingüísticos.
- IV. As orixes das linguas actuais.
- V. Os dereitos lingüísticos.

1.2. Contidos procedimentais.

- I. Realización de murais e *colages*.
- II. A chuvia de ideas.
- III. Debate e posta en común de conclusións.
- IV. Realización de traballos en equipo.
- V. Utilización do xogo como recurso.
- VI. Análise de diferentes tipos de textos (científico, legal, publicitario, literario...)

1.3. Actitudes e valores.

- I. Valoración da diversidade como característica enriquecedora para a Humanidade.
- II. Valoración da diversidade lingüística do mundo como un elemento a conservar.
- III. Interese por coñecer e relacionar a historia e a situación das linguas do mundo.

2. Actividades

2.1. A diversidade no mundo. Pódese escoller calquera destas actividades previas:

a. "Di-versos".

- I. Pegar papel de embalar nunha das paredes da aula co título da actividade en letras grandes (Di-versos).
- II. De xeito voluntario, ao estilo dunha chuvia de ideas, o alumnado achégase e escribe un verso sobre o que lle suxire a dualidade "diversidade/uniformidade". Dedicaremos a isto uns 15 minutos. Procurarase ter o material suficiente para facilitar a participación.
- III. Ao rematar o anterior, o grupo realizará unha posta en común, explicando as súas opinións e poñéndose de acordo sobre algunhas ideas básicas.
- IV. Tratarase de elaborar unha conclusión e de escribila en forma de poema no panel. Pódese acompañar de ilustracións ou debuxos complementarios.

b. "¿Ti es de aquí ou vés á festa?"

- I. Poñer dous papeis grandes na aula: nun figurará destacada a palabra Diversidade, e no outro, a palabra Uniformidade.
- II. O profesor ou profesora proporcionaralles unha listaxe de palabras para seren colocadas nun ou outro panel. Por exemplo: liberdade, agresión, ecoloxismo, desaparición, insubmisión, pobreza... Tamén se pode facer a xeito de chuvia de ideas, sen facilitarlles as palabras previamente.
- III. Despois dun proceso de reflexión en grupo, toda a clase decide a columna onde se ha poñer cada palabra. Outra opción consistiría en facelo de xeito individual. Neste caso, cada persoa elixiría unha palabra e colocaría onde lle parece, explicando aos compañeiros e compañeiras as razóns da súa elección.
- IV. Ao remate, cada persoa elaborará un pequeno texto para expoñer a súa idea, utilizando as palabras dunha das dúas columnas.

2.2. As familias lingüísticas.

a. "Familinguas".

- I. Divídese a clase en varios grupos (4-5 persoas). Distribúense as tarxetas que aparecen no anexo I. O profesor ou profesora quedara na súa mesa cunha parte delas. Pódense distribuír todas mesturadas ou só as de unha categoría (linguas, por exemplo).
- II. Cada grupo debe completar o maior número de series de tres tarxetas (Lingua-Grupo-Familia) nun tempo previamente establecido. Para iso debe ir un/unha representante á mesa do/a profesor/a para intercambiar as que o grupo desbote por outras que completen as series. Se un grupo desexa ter unha tarxeta dun grupo ou familia, ou lingua, debe respostar a unha pregunta que lle faga o profesor ou profesora. Por exemplo: "quero o grupo xermánico porque teño o inglés", a pregunta versará entón sobre esta lingua, e debe ser respondida sen mirar o cartón (trátase de que lean os cartóns para aprender algo). Para obter a nova tarxeta, débese entregar outra a cambio, que non se necesite (semellante ao tradicional xogo de cartas das familias). Esta operación farase de unha en unha e ordenadamente.
- III. O xogo remata cando o tempo establecido chega ao seu fin. Será gañador o grupo que reúna máis series.

b. Variante do anterior

- I. En lugar de quedar o profesor ou profesora con tarxetas na mesa, repáranse todas e o cambio faise entre os grupos directamente. (Estilo xogo de cartas das familias)

2.3. Conceptos básicos de Sociolingüística.

- a. Tipoloxía textual. Ademais de traballar distintos contidos conceptuais, nesta actividade afóndase no traballo sobre contidos procedimentais básicos da área de lingua.

I. Texto científico sobre a bio-diversidade.

A biodiversidade é o noso recurso máis valioso, e o menos apreciado. O seu potencial fica ilustrado de forma brillante pola especie de millo *Zea Diploperennis*, un parente silvestre do millo cultivado descuberto na década de 1970 por un estudante universitario mexicano no Estado de Xalisco. A nova especie resiste ás enfermidades e é única entre as formas vivas de millo porque posúe crecemento perenne. Os seus xenes, se se transferen ao millo doméstico (*Zea mays*), poderían incrementar a produción en todo o mundo en miles de millóns de dólares. Sen embargo, o millo de Xalisco atopouse xusto a tempo. Ocupaba non máis de 10 hectáreas de terra montañosa e só unha semana o separaba da extinción polo machete e o lume. (...)

Poucos son conscientes do moito que xa dependemos dos organismos salvaxes para a Medicina. A aspirina, o produto farmacéutico máis usado no mundo, obtívose do ácido salicílico descuberto na ulmaria ou raíña dos prados (*Filipendula ulmaria*) e posteriormente combinouse con ácido acético para crear o ácido acetilsalicílico, o calmante máis efectivo. (...)

O potencial anticanceríxeno da vincapervinca rosada descubriuse de casualidade porque resultou que a especie estaba plantada abundantemente e se investigaba pola súa reputada efectividade como antidiurético.

Edward O. Wilson: La diversidad de la vida. Grijalbo-Mondadori. 1992. Barcelona

II. Texto legal sobre algún aspecto lingüístico.

CARTA EUROPEA DAS LINGUAS

Artigo 7. Obxectivos e principios

- 1 As Partes comprométense en materia de linguas rexionais ou minoritarias a tomar como base da súa política, e máis nas súas lexislacións e práctica, os obxectivos e principios seguintes:
 - (a) o recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias en tanto que expresión da riqueza cultural;
 - (b) o respecto da área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria, de maneira que as divisións administrativas existentes ou novas non constitúan un atranco á formación desta lingua rexional ou minoritaria;
 - (c) a necesidade dunha decidida acción de promoción das linguas rexionais ou minoritarias, con vista a salvagardalas;
 - (d) a supresión a través de todos os medios apropiados de calquera discriminación referida ao uso das linguas rexionais ou minoritarias;
 - (e) a promoción e/ou a incitación ao uso oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e privada;
 - (f) o mantemento e o desenvolvemento de relacións nos campos cubertos pola presente Carta entre os grupos que practican unha lingua rexional ou minoritaria e outros grupos dun mesmo Estado que falan unha lingua practicada nunha forma idéntica ou próxima, así como o establecemento de relacións culturais con outros grupos do Estado que practican unha lingua rexional ou minoritaria diferente;
 - (g) o ensino e o estudo das linguas rexionais ou minoritarias en todos os niveis apropiados;
 - (h) a oferta de facilidades a fin de que as persoas que non falen estas linguas, que o desexen e que habiten na área onde estas linguas son practicadas, poidan aprender estas linguas rexionais ou minoritarias;
 - (i) a promoción a través de medidas apropiadas, da comprensión mutua entre os grupos lingüísticos do país, facendo sobre todo porque o respecto, a comprensión e a tolerancia para coas linguas rexionais ou minoritarias se convertan en finalidades da educación e da formación impartidas no país, e a incitación aos medios de comunicación de masas a perseguir os mesmos obxectivos;
 - (k) a promoción das formas apropiadas de intercambios transnacionais, nos campos cubertos pola presente Carta, entre as linguas rexionais ou minoritarias practicadas de maneira idéntica ou similar, en dous ou máis Estados.
2. Ao definiren as súas políticas sobre as linguas rexionais ou minoritarias, as Partes comprométense a tomar en consideración as necesidades e os desexos expresados polos grupos que practiquen estas linguas. As Partes son animadas a crear, se fose preciso, órganos que se encargarían de aconsellar ás autoridades sobre todas as cuestións relacionadas coas linguas rexionais ou minoritarias.
3. As Partes comprométense a aplicar, mutatis mutandis, os principios enumerados no parágrafo 1 deste artigo ás linguas desprovistas de territorio. Así mesmo, no caso destas linguas, a natureza e o alcance das medidas a tomar para facer efectiva esta Carta serán determinados de maneira flexíbel, tendo presente en todo caso as necesidades e os desexos e respectando as tradicións e as características dos grupos que practiquen as linguas en cuestión.

Descubrimos o texto:

- 1º. Lectura do texto.
- 2º. A Carta Europea das Linguas propón a cada Estado que a asina unha especie de contrato para cumprir uns compromisos nos casos en que sexa necesario protexer e/ou promover linguas que se encontren nunha situación non normalizada. O Estado español asinou esa carta e comprometeuse por iso a cumprir o que se di no fragmento que se leu. ¿En que parte do texto se ratifica este "contrato"? ¿Qué significa a expresión *mutatis mutandis*?
- 3º. ¿Serías capaz de comprobar se as institucións gobernamentais cumpren exactamente o que se asina nese contrato?

I. Texto de carácter publicitario. (A Mesa)



Descubrimos o texto:

1. Explica esta mensaxe indicando a súa finalidade.
2. Analiza a combinación entre a imaxe e a texto escrito.
3. ¿Cal é o produto que se anuncia? ¿Por que?
4. Analiza o texto escrito:
 - Tema
 - ¿Por que se empregan o galego e o español?
 - ¿Cal é o obxectivo deste anuncio publicitario? ¿Vender? Analiza o receptor.
5. Elabora unha mensaxe publicitaria que teña o produto deste anuncio como eixo central.

II. Texto literario.



CHEGOU DAS AMÉRICAS UN HOME RICO e trouxo consigo un negriño cubano, coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo...

O negriño foi medrando na aldea, onde dependeu a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morréu o home rico e Panchito trocou de amo para ganar o pan. Co tempo fíxose mozo comprido, sen máis chatas que a súa coor... Aínda que era negro coma o pote, tiña graza dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, con un caravel enriba da orella e unha póla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de estrelas xurdéu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sintéu, como todos os mozos da aldea, os anxeios de emigrar. E unha mañá de moita tristura gabéou polas escaleiras dun transatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:

– Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!

Panchito retornou á aldea. Chegou probe e endeble; pero trouxo moita faratura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e máis un traxe branco...

Castelao: Cousas.

Descubrimos o texto:

1. Lectura en voz alta do texto.
2. Resumo oral do contido do texto.
3. ¿Por que o home rico trouxo a Panchito das Américas? ¿Qué lle pasou a Panchito ao medrar aquí?
4. ¿Por que voltou Panchito para a terra onde nacera? ¿Qué lle pasou ao chegar alá? ¿Por que regresou de novo a Galiza?
5. ¿Cal cres que é o significado ou a mensaxe desta *cousa*?

BLOQUE SEGUNDO

LINGUAS NON NORMALIZADAS EN EUROPA

1. Esquema de contidos.

1.1. Contidos conceptuais.

- I. A diversidade lingüística en Europa.
- II. O conflito lingüístico.
- III. Linguas hexemónicas e linguas ameazadas ou minorizadas.
- IV. Bilingüismo e diglosia.
- V. Prexuízos sociais.
- VI. Os procesos de normalización lingüística.
- VII. O galego, o bretón e o euskara como exemplos de linguas ameazadas ou minorizadas.
- VIII. Contexto histórico, legal e social do galego, bretón e euskara.

1.2. Contidos procedimentais.

- I. Lectura, análise e comentario de textos informativos.
- II. Realización de actividades e traballos en equipo.
- III. Estudo, análise e produción de textos legais.
- IV. Utilización da banda deseñada.
- V. Realización de actividades de dramatización.
- VI. Realización de actividades baseadas no xogo.

1.3. Actitudes e valores.

- I. Comprensión e valoración positiva da pluralidade lingüística.
- II. Interese por coñecer as causas e consecuencias dos conflitos lingüísticos.
- III. Coñecemento, respecto e valoración da situación das linguas ameazadas ou non normalizadas. Especialmente os casos do galego, euskara e bretón.
- IV. Valoración crítica da situación legal das diferentes linguas.
- V. Valoración do xogo como un recurso de aprendizaxe positivo.

2. Actividades

2.1. A situación lingüística en Europa

a. "Descubrir o texto"

EUROPA E AS LINGUAS

¿Sabías que actualmente existen no mundo máis de 5.000 linguas repartidas en menos de 200 estados? Contrariamente ao que se pretende presentar como normal, isto é, a correspondencia 1 lingua = 1 estado, moi poucas linguas coinciden cunha fronteira política e hai moi poucos estados unilingües.

¿Sabías que vintecinco dos trinta e seis países europeos son oficialmente unilingües? Pola contra, na maior parte dos estados da actual Europa coexisten varias linguas, se ben moitas delas non gozan de recoñecemento e do *status* legal correspondente. ¿Dáste conta dalgún país europeo unilingüe? Seguro que che chama a atención o caso de Islandia, unha illa con tan só 300.000 habitantes, que teñen o islandés como lingua propia e absolutamente normalizada. ¿A que cres que se pode deber?

¿Sabías que no Estado francés, ademais de francés, fálase bretón, occitano, catalán, euskara, alemán e corso? E no Reino Unido, inglés, gaélico, córnico e galés? ¿Serías capaz de pór outros exemplos?

Moitas linguas están en perigo. Por exemplo, o bretón é unha lingua celta falada aproximadamente por 500.000 persoas. Mais a súa situación, non recoñecida legalmente, presenta taxas de aprendizaxe por parte dos nenos e nenas moi baixas: só o falan uns 18.000

menores de 14 anos, e uns 60.000 mozos/as entre 15 e 24 anos. ¡E iso que a comezos do século XX o bretón era a lingua maioritaria dos bretóns! ¿Ten algunha explicación este cambio?

Noutros casos, moitas linguas estatais europeas teñen a condición de minorizadas: é o caso do francés (lingua oficial en Francia) en Italia; do alemán (lingua oficial en Alemaña) en Francia, Italia ou Polonia, etc. O futuro destas linguas nas áreas onde están minorizadas parece estar vinculado á influencia política e económica da comunidade. Así, resulta evidente que non goza das mesmas posibilidades o alemán en Francia ou o francés en Italia que comunidades lingüísticas como a bretoa, a basca ou a galega, que, ademais de linguas minorizadas, carecen do poder e da influencia político-económica necesarias para defenderen a súa identidade.

¿Sabías que no caso do Estado español arredor do 40% da cidadanía ten como lingua propia outra distinta do español? E vivimos en galego, en euskara ou en catalán como o fixeron os nosos pais e os pais dos nosos pais. Pero o futuro dos nosos idiomas, como o doutros moitos a nivel europeo, non está asegurado. Dado que unha situación de equilibrio harmónico entre dúas linguas nun mesmo territorio non é posíbel, será a evolución política e socioeconómica desas sociedades a que fará que a balanza se incline cara o abandono definitivo da lingua propia ou cara á súa plena normalización lingüística e social.

¿Qué podemos, pois, facer nós pola nosa lingua?

b. Xogo das linguas non normalizadas.

I. Material previo necesario: 25 cartóns pequenos co nome de 25 linguas non normalizadas de Europa (Pode servir de axuda o mapa *A Europa das linguas*, editado pola AS-PG). Mapa grande de Europa (toda) en branco; só conterá números, do 1 ao 25, situados nos lugares onde se falen as linguas non normalizadas escollidas previamente. Sobres coas probas que se indican no seguinte apartado.

II. Preparación do xogo: Dividir a clase, o curso... en cinco grupos. Cada un deles terá como obxectivo ir realizando unha serie de probas que se lles irán proporcionando (anexo II). Ademais, ao superaren cada proba entregaráselles un sobre coa proba seguinte e un cartón co nome dunha das linguas para colocar correctamente no mapa. O xogo remata cando todos os grupos superan as probas e colocan correctamente as linguas no mapa.

2.2. O galego, o euskara e o bretón. As nosas historias.

As linguas, como institucións sociais que son, tamén teñen a súa historia, a súa biografía. Coñecela é (re)coñecérmonos nós propios. Presentamos, pois, tres protagonistas a contarnos a súa vida, desde o nacemento até a actualidade. A información complementaria que se axunta, en enunciados breves, debe ser introducida correctamente no breve resumo da súa historia. Cada un deles corresponde cun dos números que aparecen no texto. Ao rematar, farase a lectura do texto final, e, no caso da nosa lingua, pódese propoñer a busca de información suplementaria.

a. Ler os textos que seguen e realizar as actividades que se propoñen:

I. Ao final do texto encontrarás unha serie de pequenos enunciados. Trata de situalos no número que lles corresponda.

A HISTORIA DA LINGUA BRETOA

Para que eu nacesse tiveron que chegar desde a Bretaña das Illas, a Grande Bretaña de hoxe, xentes que falaban linguas de orixe céltica (1). Isto aconteceu no século IV, cando xa o Imperio Romano se derrubara. Son unha lingua ben antiga, e á primeira etapa da miña vida chámanlle bretón vello (2), xa case non me acordo. Despois, fóronse escribindo no meu nome os primeiros vocabularios con palabras en bretón; isto acontecía alá por 1499, e mesmo compuxeron un dicionario breton-latín-francés (3), que ademais resultou ser o primeiro dicionario de francés que se facía. ¡Que curioso! Porque, despois, o meu amigo fran-

cés xa non se portou moi ben comigo. Durante estes tempos (4) escribíronse moitos textos na miña lingua. Xa máis tarde (5), no século XIX, a literatura da miña lingua medrou moito (6), e escribíronse moitas obras. No século XX, hai moi pouquiño, houbo escritores que me levaron ao teatro, ou á poesía (7). Tamén houbo un movemento cultural, GWALARN (8), que deu orixe a miña literatura moderna. Ao pasar a Segunda Guerra mundial, naceu unha revista (9) que me recuperou para a escrita. Durante toda a miña vida tiveron moitos problemas para sobrevivir, sobre todo nese século XX. Non me deixaban entrar nas escolas (10), e tiveron que agardar moito até que apareceron as DIWAN (11), nas que si puideron entrar. Nin sequera querían recoñecer que eu existo (12). Por sorte, agora hai moitos mozos e mozas que si me querían utilizar (13). Se cadra aínda non morrerei por agora...

- a. A última etapa recibe o nome de Bretón Moderno, e transcorrería desde o século XIX até a actualidade.
- b. A primeira etapa, e máis antiga da lingua bretoa, sitúase entre os séculos VII e XI. O primeiro testemuño escrito data do ano 740, e trátase dunha receita contra a inflamación...
- c. A rama bretoa das linguas célticas que se falaba en gran parte da antiga Bretaña (hoxe Gran Bretaña) estaba composta por tres variantes: bretón, galo e córnico.
- d. A segunda etapa, denominada Bretón Medio, iníciase a partir do ano 1.000 e chegaría até o século XVIII.
- e. O Catholicon, de Jehan Lagadeuc, foi o primeiro dicionario que utilizaba o bretón, pero tamén é o primeiro dicionario que inclúe o francés.
- f. Destacan o dramaturgo Malmanche e o poeta Kalloc'h.
- g. No século XIX destaca a publicación do Barzaz Breiz, unha antoloxía da poesía popular bretoa recollida e editada por Hersart de La Villemarqué.
- h. Jakez Riou e os novelistas Abenozen e Youenn Drezen.
- i. O Estado francés, a través dos seus sucesivos gobernos, tanto de dereitas como de esquerdas, rexeitou asinar a Carta Europea das Linguas Minoritarias e recoñecer os dereitos lingüísticos dos bretóns.
- k. Despois da Segunda Guerra mundial nace a revista Al Lianm que recupera o labor de divulgación do bretón.
- l. Roparz Hemon fundou o movemento e a publicación Gwalarn (1925-1944), que daría orixe á literatura bretoa moderna, con figuras como o narrador de contos.
- m. As escolas DIWAN fundáronse en 1976, con media ducia de escolares. Hoxe o número de rapaces e rapazas escolarizados en lingua bretoa supera os tres mil.
- n. Cada vez máis persoas, sobre todo mozos e mozas, desexan aprender e dominar a lingua do seu pobo. Pódese situar en 50.000 as solicitudes de cursos de bretón. A escolla desta lingua como segunda ou terceira no bacharelato vai en aumento.
- ñ. En 1951, a lei Deixonne autorizaba o ensino do bretón, prohibido até ese momento.

II. Ao final do texto que segue encontrarás unha serie de pequenos enunciados. Trata de situalos no número que lles corresponda.

A MIÑA HISTORIA, O EUSKARA

¡Ola! Eu son o euskara, a lingua dos homes e mulleres de Euskal Herria. (1) Coas orixes da miña historia podería escribirse unha novela de misterio e intriga (2) porque ninguén sabe cal é a miña orixe. Os romanos pasaron por aquí e deixáronme algunhas palabras emprastadas, mais non demasiadas (3) Logo, na Idade Media, o pobo dos

bascóns resistiu os ataques dos visigodos, que nunca chegaron a dominar de todo a nosa terra, mais tamén deixaron pegada na forma de falar: palabras como “gerra” ou “Luís” teñen esa orixe. Tampouco os árabes chegaron a asentarse nunca en Euskal Herria, mais eles tamén axudaron a enriquecer a lingua dos bascos con influencias que hoxe permanecen. Na Idade Media, o camiño de Santiago era a espiña dorsal de Europa; millóns de peregrinos atravesaban o País dos Bascos intercambiando culturas e experiencias, coñecementos e linguas. (4) Desde os séculos X ao XV case ninguén escribiu en euskara, e temos que agardar ao Renacemento e á chegada da imprenta para ver escritas as palabras bascas. (5) A partir de aí, pouco a pouco, van aparecendo libros e nos séculos XVII e XVIII algúns eruditos comezan a investigar moi seriamente. Mas tamén son séculos de escuridade, porque o euskara é marxinado en moitos contextos (6) No século XIX varios lingüistas europeos como Humbolt ou Van Eys realizaron estudos sobre a miña forma de ser e as miñas misteriosas orixes. Eu son unha lingua tan particular que moitos querían descubrirme a fondo, porque son única, como un tesouro. E así cheguei ao século XX. Nas súas tres primeiras décadas fun estudiada con moito labor e entusiasmo (7). Mais, coa sublevación militar e a ditadura do xeneral Francisco Franco fun prohibido e perseguido e pasei á clandestinidade. Nese século perdéronse moitos euskaldúns, ou falantes de euskara; de feito, pouco máis do dez por cento dos cidadáns de Euskadi sabían falar basco en 1975. Durante a Ditadura comecei a esmorecer, e moita xente deume as costas e deixou de falar-me. Mais, grazas ao pobo basco e a intelectuais como Gabriel Aresti (8) e outros moitos homes e mulleres que mantiveron prendida a luz da miña vida non cheguei a morrer. Moitas enerxías de moitos cidadáns xuntáronse cando chegou o fin da Ditadura e, a partir dos anos 80 e sobre todo nos noventa, a xente comezou a valorarme de novo, especialmente a xente nova. Hoxe máis do 50% da mocidade pode empregar o euskara sen ningún problema e eu, o Euskara, estou a vivir un proceso de normalización lingüística cheo de ilusión e de optimismo.

- a. O Camiño francés tiña unha vertente que pasaba por Euskadi. E hai moitos lugares bautizados como Santiago: Santiago de Ondarribia, Santiagocho, Santiago de Zumaia...
- b. Unhas teorías afirman que o euskara provén de África, outras, do Cáucaso, mais o certo é que se descoñece cientificamente cal é a súa procedencia orixinal.
- c. En 1545 publícase o primeiro libro en euskara, de Bernart Etxepare. Por exemplo, o Padre Larramendi no século XVIII escribiu: Nada se le nin escribe aos nenos en euskara, non hai mestre que queira nin saiba deletrear na súa lingua.
- d. Euskal Herria significa País Basco e comprende seis territorios históricos: Araba, Bizkaia, Gipuzkoa, Lapurdi, Nafarroa e Zuberoa.
- e. Tiven sorte de sobrevivir fronte ese grande Imperio e a súa lingua, porque os bascóns non me abandonaron a cambio da lingua de Roma. Aínda así, enriquecín-me con algunhas palabras latinas: kale (rúa); liburu (libro), eztrata (vía), pake (paz).
- f. O seu poema máis coñecido encontrálo nas páxinas 30 e 31 desta unidade.

III. Ao final do texto a seguir encontrarás unha serie de pequenos enunciados. Trata de situalos no texto no número que lles corresponda. Procura información adicional sobre cada un deles.

LINGUA GALEGA. A MIÑA HISTORIA

Nacín alá polos séculos IX-X, nun lugar chamado Gallaecia. Por iso, desde pequeno me chamaron galego. Son fillo do latín, pero tamén recibín influencias doutras linguas (1). Ao principio a xente só me utilizaba na fala. Ao ir medrando, tamén me foron utilizando máis, e comezaron a escribirme. O meu país, o Reino de Galiza, era daquela importante. Escribíanse cantigas, prosa, os contratos, os testamentos... Todo o mundo me utilizaba (2). ¡Mesmo xentes non galegas botaron man de min para a literatura escrita!

As cousas, alá polo século XIV, comezaron a irme mal. Galiza vai quedar sometida á coroa de Castela. Chegan nobres de fóra (3) que traen o castelán, e no país ninguén é quen de me defender. A cada paso perdo ámbitos de uso. De todos xeitos os meus primeiros 700 anos de vida son como un espello onde mirarme e recoñecerme.

A nobreza galega e outras clases sociais que tiñan moito poder deixan de utilizarme e substitúenme polo castelán. Os escribáns e os escritores xa non empregan o galego. Tamén a Igrexa me deixou a un lado, pois moitos cregos viñan de fóra e traían o seu idioma. O resto da poboación, a inmensa maioría continuou a serme fiel, aínda que moita xente comeza agora a castelanizar os seus nomes e apelidos e a nosa toponimia sofre un proceso de deturpación con consecuencias aínda hoxe visíbeis (4). Todos dicían que eu era un dialecto, unha lingua “bárbara, áspera, inferior”. No século XVIII moitas persoas estudadas se preocuparon por min: chegara a Ilustración. Defendían que o galego se debía utilizar na escrita e nas escolas (5).

No século XIX pódese dicir que volvíñ á vida, á escrita, claro. Moitos homes e mulleres pularon pola recuperación do galego para a escrita, para a literatura, aínda que o meu prestixio social non aumentase e o castelán medrase a costa miña. Houbo historiadores, escritores e escritoras, políticos que me defenderon e me usaron. Primeiro chamáronse Provincialistas e logo Rexionalistas (6). A todo este movemento que me recuperou deuse en chamar, na literatura, Rexurdimento. Isto sería sobre todo a partir de 1863 (7). Utilizáronme nomeadamente para a poesía, pero tamén para a narrativa e o teatro. Mesmo a finais de século se editaron moitas revistas e se me fixeron gramáticas e dicionarios, aínda que con moito atraso a respecto doutros idiomas normalizados (8).

Xa estamos no século XX. A primeira parte deste século, até o ano 1936, supuxo para min un cambio moi importante, pois comecei a ser reivindicada e utilizada en todos os ámbitos da cultura, da ciencia e da vida en xeral. Isto foi posíbel grazas ao medre da conciencia galeguista, coa aparición do nacionalismo. Foi o tempo dos homes e mulleres das Irmandades da Fala, da Xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos... (9) Eu aparecía en revistas, en libros para o ensino, nos idearios dalgún partido político... Sen embargo, sobre todo nas vilas e cidades, a perda de falantes ía en aumento.

A chegada da ditadura franquista foi moi negativa. Paralizoume case por completo. Moitas persoas morreron ou foron reprimidas por usarme e defenderme (10). Tiven que conservarme, para o uso literario e formal, fóra de aquí. A cidade de Buenos Aires converteuse na capital dunha Galiza posíbel (11). A pesar da represión, alá polos anos 50, foron aparecendo algunhas editoriais, e autores e autoras novas que me utilizaban (13). Despois instituíuse o Día das Letras Galegas, comecei a entrar na Universidade e mesmo se me utilizaba no teatro. Pero... ¡perdín tantos falantes! E ademais o meu prestixio baixou moito nesta época.

A partir do ano 1976, co remate da ditadura, chegarán posibilidades para min. Xa son recoñecida legalmente e o meu prestixio semella mellorar, pero a verdade é que a xente nova “pasa” bastante de min (13). Nas escolas, aínda que hai leis que me protexen, non se respectan en moitas ocasións. Por outra banda, agora xa hai gramáticas e estudos sobre o galego, libros de texto... Cada ano edítanse máis de mil libros, moito máis que antes. Na teoría a miña presenza aumentou nos medios de comunicación, na Universidade, na política, na publicidade, na Xustiza, etc.; mais non deixo de verme como algo testemuñal e ritual. A partir de aquí depende de vós que a miña historia teña continuidade. Espero que o fagades para devolverme e devolvernos a normalidade.

- a. Valentín Lamas Carvajal promoveu unha revista no noso idioma, O tío Marcos da Portela, de grande éxito editorial, á que sucederon outras moitas como A Monteira...
- b. Tamén cómpre destacar a prosa: temas artúricos (Libro de Merlín), do mundo clásico (Crónica Troiana) e temas xacobeos (Milagres de Santiago)
- c. Chegan a causa das substitucións nobiliarias. A primeira, na segunda metade do século XIV, foi consecuencia da derrota de Pedro I, apoiado pola nobreza galega, fronte a Henrique de Tastámara. Con ela asentouse unha aristocracia foránea, con todo o seu séquito, e que traía o seu propio idioma, o castelán. A fins

do século XV isto agravarase coa vitoria de Isabel a Católica na loita polo trono de Castela, en contra da de Xoana a Beltranexa, apoiada pola nobreza galega. Co posterior reinado dos Reis Católicos vaise consumir o proceso centralizador e a imposición do castelán.

- d. En relación coa lingua e a literatura, o período que vai dos séculos XVI ao XVIII é coñecido como os Séculos Escuros. Apenas conservamos mostras literarias deste momento.
- e. Os Ilustrados máis destacados foron O Padre Feixoo e Frei Martín Sarmiento. O primeiro dedicouse ao estudio do galego, demostrando con rigor científico que o noso idioma non era unha forma corrompida do castelán. O segundo preocupouse polo estudio do léxico e realizou unha rexa defensa da normalización social do idioma, especialmente no ensino.
- f. O Provincialismo aparece contra os anos 40 do século XIX. Reaccionaba contra as medidas de carácter centralizador do goberno do Estado, especialmente contra a división artificial en catro provincias. Os seus representantes son Antolín Faraldo, Neira de Mosquera ou Francisco Añón. A partir de 1885 falamos do Rexionalismo, con Alfredo Brañas e Manuel Murguía como intelectuais máis destacados.
- g. A comezos do século XIII o galego inicia unha etapa de esplendor na escrita, tanto nos textos documentais como literarios. Até 1350 será a época das Cantigas, e de aí até finais do século XV o galego comezará o progresivo declive coa aparición da escola galego-castelá.
- h. Segundo os datos do Mapa Sociolingüístico Galego, dous de cada tres habitantes do noso país aprenderon a falar en galego, e só un de cada catro en español. Canto á lingua falada habitualmente, catro de cada dez fano en galego, fronte a unha de cada dez en español. A respecto das xeracións máis novas, a tendencia camiña cara un descenso do número de falantes, a pesar de seren escolarizados no ensino da lingua e da literatura galegas. Así, no tramo de idade 15-25 anos, nas cidades, o 45% da mocidade usa en exclusiva o castelán, marcando unha liña de abandono do galego.
- i. En 1863 publícase Cantares Gallegos, de Rosalía de Castro. Con esta obra inaugúrase o pleno Rexurdimento. Coa autora padronesa e máis con Curros Enríquez e Eduardo Pondal o idioma colócase á altura das demais linguas de cultura no plano literario. A literatura galega vive o seu primeiro renacemento e consolídase plenamente como unha literatura de calidade.
- j. En 1908 créase a Real Academia Galega. Os membros da Cova Céltiga tamén promoven a Escola Rexional de Declamación, coa intención de impulsaren a representación de teatro en galego. Destacan tamén os irmáns Ramón e Antón Vilar Ponte, que promoven a práctica social do idioma. Créanse órganos de expresión escrita como a revista A Nosa Terra (de 1916 a 1936). Outros como Ánxel Casal, Leandro Carré ou Xaime Quintanilla pulan pola creación de Editoriais (Céltiga, Lar, Nós). Escritores como Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Daniel Castelao van consolidando unha narrativa no noso idioma. Por fin, o Seminario de Estudos Galegos promove a análise científica da realidade no noso idioma.
- k. Castelao será a cabeza desa resistencia na diáspora. Créanse editoras (Galiza, Citania), impártense conferencias e cursos de lingua e literatura, emítense programas de radio, publícanse libros (Sempre en Galiza), lévanse a cabo estreas teatrais (Os vellos non deben de namorarse), etc.
- l. En 1949 aparecen a colección de poesía Benito Soto e a colección Xistral. En 1950 fúndase a editorial Galaxia, con revistas como Revista de Economía de Galiza, a revista de cultura Atlántida ou Grial, revista de pensamento. A colec-

ción Illa Nova serviu para que autores e autoras máis novas comezasen a publicar as súas obras.

- m. Entre outros, perderon a vida Alexandre Bóveda, Ánxel Casal, Xaime Quintaniella, Roberto Blanco Torres, ou tiveron que exiliarse, como Castelao, Suárez Picallo, etc.
- n. O galego provén, fundamentalmente, do “latín vulgar”, que era a variedade falada do latín, empregado por todos os habitantes do Imperio. O latín recibiu influencia das linguas que había antes da súa chegada ao noso territorio (linguas de substrato). Desaparecido o Imperio Romano, viñeron os pobos xermánicos, no século V, e os árabes, no VIII, que deixaron as súas achegas lingüísticas (linguas de superestrato). Todo isto conformou a evolución do latín cara a cada unha das linguas romances. A que se xerou no noroeste peninsular chamouse galego.
- b. Dividir a clase en tres grupos para a elaboración de cadanseu traballo dos que se propoñen:
 - I. Semellanzas e diferenzas na súa evolución histórica. Realizar un cadro comparativo no taboleiro coas mesmas

SEMELLANZAS	DIFERENZAS
CONCLUSIÓNS	

- II. A banda deseñada é, fundamentalmente, un recurso narrativo, unha maneira de contar algo. Baséase na síntese da linguaxe verbal e da icónica, isto é, de palabras e imaxes. Trataríase de elaborar cadansúa tira de banda deseñada que explique a evolución destas linguas, seguindo os pasos que se enuncian:
 - Escoller de toda a historia da lingua, os elementos fundamentais que se queiran contar. Se nos centramos nunha etapa ou período, faremos o mesmo.
 - Unha vez que saibamos o que queremos contar, podemos esbozar un breve guión técnico, seguindo unha ficha como esta:

GUIÓN TÉCNICO			
VIÑETAS	DESCRIPCIÓN	DIÁLOGOS E TEXTOS	OUTROS RECURSOS
Nº 1	¿que, quen aparece?	¿que tipo de globos poñer?	¿indicar o movemento dos personaxes, obxectos, etc.?
Nº 2	¿que plano escoller?	¿cal é o texto/ expresión que aparece?	¿utilizaranse debuxos ou signos para suxerir algo?
Nº 3	¿que ángulo de visión?	¿onomatopeas?	
---		¿textos de apoio?	

- Para a montaxe e realización gráfica, débese decidir se se vai facer unha tira, unha placa... Logo hai que comezar co debuxo a lapis, rotulando e pódolle cores, se o cres necesario, ao final de todo o proceso.

III. Realizar unha pequena dramatización que explique a evolución destas linguas. A actividade pode consistir na lectura enfática ou minimamente dramatizada da historia de cada unha das linguas.

2.3. As linguas hoxe. Situación legal, prexuízos/prestixio, normalización. Dividir a clase en grupos para tratar os temas que se indican.

a. Seguramente no centro de ensino existe unha norma legal que afecta moi directamente á comunidade educativa: Un Regulamento de Réxime Interno. Trátase de reparar no que alí se recolle e reflexionar cómo podemos opinar sobre o seu contido. Tamén debemos pensar se é un texto "eterno" ou se é posíbel a súa modificación. O que se propón, daquela, é a lectura e a análise do R.R.I. do centro ou, cando menos, daqueles apartados que poidan resultar máis interesantes. Así, propóñense as seguintes cuestións para responder:

- I. ¿De cando é a redacción do R.R.I.? ¿Quen participou na súa elaboración? ¿Desde cando está vixente no centro? ¿Quen lle deu a súa aprobación?
- II. ¿Deriva o Regulamento dalgunha lexislación de rango superior? ¿De cal?
- III. ¿Qué estrutura presenta o R.R.I.? ¿Por que? ¿A quen vai dirixido? ¿Quen se encarga de velar polo seu cumprimento?
- IV. ¿Qué apartados merecen un especial interese? ¿Por que? ¿Estás de acordo co que aí se recolle? ¿Proporías algunha modificación?

Logo desta análise, e aproveitando toda a información manexada, podería ser interesante abrir un proceso de discusión e debate, converténdonos ao tempo en administradores e administrados. A clase pódese dotar dunha especie de "Decálogo intelixente" para funcionar mellor como grupo. Para isto, o curso dividirase en grupos pequenos e realizará cada un deles unha posta en común, propoñendo unha serie de "normas intelixentes". Ao final, toda a clase elaborará un decálogo, contando coa opinión e o consenso dos grupos. Estas normas escribiranse nunha cartolina que se pegará na aula.

b. Estudio en grupos do tratamento legal do idioma nos seguintes documentos: Constitución Española, Estatuto de Autonomía e Lei de normalización lingüística. Consultar o anexo III con estes textos. Xa sabemos que o Estado español é plurilingüe. Están recoñecidos legalmente os idiomas galego, euskara, catalán e castelán. E, o mesmo que acontece cos regulamentos dos centros, existe, en materia especificamente lingüística, unha lexislación ao respecto.

- I. ¿Onde se establecen "dereitos e deberes lingüísticos"? ¿Para que linguas?
- II. ¿Qué significa ser "idioma oficial"? ¿Todos os idiomas teñen esa consideración? ¿Todos os idiomas oficiais reciben o mesmo trato? Razona a resposta.

- III. ¿Qué papel se lles asigna, en relación coas linguas, ás institucións e aos poderes públicos? ¿Qué forma legal se recolle no caso dos topónimos galegos?
 - IV. ¿Qué dereitos lingüísticos ten o alumnado?
 - V. Como conclusión, após dunha posta en común, trátase de recoller por escrito os trazos máis significativos da situación legal das linguas no Estado español, especialmente no referido á lexislación de ámbito galego.
- c. Buscar información sobre a situación legal do euskara e do bretón e despois comparala coa do noso idioma.
- d. Prexuízos e prestixio social.
- I. Escribir un diálogo entre dous personaxes. Un debe falar en galego e o outro en castelán. A cada un deles asignaráselle unha profesión determinada. O tema do diálogo é libre. Ler en alto os textos e ir anotando no taboleiro as profesións que corresponden a cada idioma. Realizar un pequeno debate sobre o tema.
 - II. Entregar fotocopias do anexo IV para que o alumnado anote os argumentos que desarmen os prexuízos lingüísticos que aparecen. A actividade desenvolverase individualmente. Despois realizarase unha posta en común en pequenos grupos. Ao final, cada grupo exporá as súas conclusións, que teñen que ir acompañadas dun breve razoamento en cada caso.

Deseguido ofrecemos unha listaxe de prexuízos e algúns argumentos para cuestionalos.

- 1) Prexuízo: “O galego é un impedimento porque nos illa do exterior” ou “Co galego non se pode ir a ningures.”

Argumento: durante a Idade Media o noso idioma foi a lingua exclusiva da Galiza, falada por todas as clases sociais e utilizada na escrita cando os romances substitúen o latín. Isto non só supuxo illamento, máis ben todo o contrario. Galiza gozou de proxección a nivel peninsular e europeo, converténdose nunha sociedade con peso político específico. Por outro lado, o galego permítenos a posibilidade de comunicármonos con aproximadamente 200 millóns de habitantes de diferentes continentes que son de expresión galego-portuguesa.

- 2) Prexuízo: “O interesante sería contarmos cunha lingua universal.”

Argumento: tan só debemos lembrar que as linguas non son unicamente vehículos de comunicación, senón tamén, e sobre todo, o espello e a síntese da historia colectiva dun pobo, dunha cultura. Unha lingua universal empobrecería o xénero humano, como ten dito o propio Castelao. Anularíase, pois, a diversidade lingüística e cultural, a riqueza. En todo caso, outra cousa é a existencia dunha lingua que funcione como lingua internacional (lingua franca), do punto de vista comercial e de relacións económicas.

- 3) Prexuízo: “A presenza que o galego ten na vida pública é consecuencia da imposición dunha minoría política intolerante.”

Argumento: comecemos por afirmar que a promulgación de leis ou disposicións, que poden asegurar esa presenza pública ao galego, nunca son consecuencia da imposición das minorías ás maiorías. Pola contra, todo o disposto na actualidade a respecto da lexislación lingüística, desde a Constitución até a Lei de Normalización do 1883, é froito de maiorías parlamentares, co apoio de partidos políticos como o PP/PSOE.

- 4) Prexuízo: “As horas dedicadas ao galego no ensino poderíanse aproveitar en aprender cousas máis importantes”

Argumento: debaixo deste prexuízo está a idea de que o galego non vale para progresar e de que o progreso vai asociado, inevitabelmente, a outras opcións

lingüísticas alleas á sociedade galega. De novo a historia válenos de exemplo: durante moitos séculos o galego permaneceu á marxe do sistema educativo, sen que se “perderan”, xa que logo, tempo e esforzos no galego. O resultado desta situación non se pode dicir que fose precisamente a de Galiza ter acadado a vangarda do progreso. Para moitos/as compatriotas o único camiño de “progreso” foi a emigración. Unha outra pregunta: ¿están peor preparados/as na actualidade os/as mozos/as por ter que estudar lingua e literatura galegas?

- 5) Prexuízo: “A imposición da lingua e da literatura galegas como materia obrigatoria.”

Argumento: visto así, o que primeiro se podería dicir é que no sistema educativo todas as materias son imposicións. En todo caso, na Galiza falar de imposición para a materia de Lingua e Literatura galega é un absurdo, comparábel a que en París se fale da imposición da Lingua e Literatura francesa ou en Toledo da Lingua e Literatura española. O noso idioma, ademais, non se pode impoñer nunha realidade onde é lingua falada por porcentaxes do 80% da poboación, alén de ser a lingua propia dos/as galegos/as (Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística, etc.).

- 6) Prexuízo: “A sociedade galega non demanda maior presenza do galego nin o reivindica.”

Argumento: os estudos que coñecemos a respecto da aceptación do galego indican que a cidadanía galega estaría de acordo cunha maior presenza no sistema educativo e na publicidade, por exemplo. Se houberese ese rexeitamento tan amplo, non se entendería que todos os partidos políticos boten man del nas campañas ou que inclúan a normalización nos seus programas (outra cousa é o grao de cumprimento). Se o que se pretende é afirmar que o alumnado galego rexeita a materia de Lingua e Literatura galega, habería que realizar estudos sobre qué pasa coas Matemáticas, ou a Física ou a Lingua española, por exemplo. ¿Ou só se debe amosar predisposición e amor polas primeiras? En todo caso, nunha situación conflitiva como a nosa, non se pode esquecer que parte da mocidade proxecta o menosprezo e o prexuízo sobre o idioma que observa na propia sociedade. De non termos en conta esta obviedade, ¿as linguas desprézanse porque si?

- 7) Prexuízo: “O galego que se ensina ou que utilizan os medios de comunicación non é o galego que fala o pobo.”

Argumento: é evidente que isto acontece así en todos os idiomas. Non hai máis que coller o exemplo do español: ¿nas noticias ou nos centros de ensino de Salamanca, Teruel ou Sevilla utilizan o español que falan os labregos desas localidades ou, pola contra, unha lingua estándar? En todos os países, ensínase unha lingua común, supradialectal, convencional, que serve de factor unificador das variantes da fala que tamén se dan en todos os idiomas. ¿Ou o que é pertinente e incuestionábel para outras linguas non se quere para o galego?

- 8) Prexuízo: “Eu non falo galego porque non o sei ben, non o falo ben, correctamente.”

Argumento: todas as linguas, absolutamente todas, poden ter melloras no seu emprego polos usuarios, pero é certo que para falar ben primeiro hai que falar mal. Tan só é cuestión de vontade: se se comeza falando mal galego, mais existe esa vontade de mellora no seu uso, oral e escrito, acabarase facéndoo ben. Por outro lado, por moi mal que falemos galego, somos os que mellor o falamos de todo o planeta.

- 9) Prexuízo: “O galego non dá de comer. As persoas que o usaron conscientemente por escrito e o defenderon non crearon empresas e non xeraron riquezas.”

Argumento: Un só dato. Pensemos na importancia económica que para Galiza supón a figura e obra de Rosalía ou Castelao, coñecida en diferentes países de

distintos continentes. Pensemos, pois, na proxección exterior que tivo e ten a obra destas, e doutras moitas, figuras da nosa cultura.

Fonte: X. R. Freixeiro: Normalidade e conflito. Ed. Laiovento.

e. Normalización.

I. Lectura e realización de actividades sobre o texto:

“Podemos definir a normalización lingüística como o proceso tendente a converter unha lingua no vehículo normal de comunicación dunha sociedade. Trata-se, por tanto, do obxectivo defendido polo ecoloxismo lingüístico: cada lingua debe cumprir no seu territorio propio e orixinario a totalidade das funcións posíbeis, sen o intrusismo doutras linguas que xa teñen de por si o seu territorio e a súa comunidade natural propios.”

“Os procesos normalizadores dependen para o seu avance de tres factores básicos:

- A) Da acción institucional da comunidade, materializada através do poder político, que deberá proporcionar, por medio dunha determinada política lingüística, a lexislación, as medidas e o apoio necesarios tendentes a favorecer o proceso de normalización lingüística. As institucións públicas oficiais teñen nas súas mans a posibilidade de normalizar unha parte moi importante dos ámbitos sociais (áreas administrativa, xudicial, educativa,...), e de favorecer os procesos de normalización lingüística colectivos e individuais.
- B) Da acción colectiva non institucional daqueles individuos que, posuíndo unha consciencia lingüística, se agrupan para pular pola marcha dese proceso normalizador.
- C) Da acción individual, asentada na vontade de ser das persoas que forman a comunidade lingüística. Sen este factor básico, sen esta vontade individual de normalización, o proceso nunca se poderá levar a termo. A vontade de ser é a actitude que xera no individuo a motivación necesaria para facer el mesmo algo polo seu idioma, en lugar de agardar a que outros o fagan por el.”

Manuel Portas: Lingua e sociedade na Galiza. Bahía Edicións. A Coruña, 1997

Descubrimos o texto:

- ¿Por que se considera a normalización lingüística como un proceso?
 - ¿Qué se entende por ecoloxismo lingüístico?
 - Explicar, concretando no caso do Estado español, a que se refire o autor con " (...) sen o intrusismo doutras linguas que xa teñen de por si o seu territorio e a súa comunidade natural propios.
 - ¿Qué factores son básicos nun proceso normalizador? ¿Por que?
 - ¿De que maneira nós, como cidadáns e cidadás, podemos incidir de xeito práctico na normalización do galego?
- b. No libro de Manuel Portas, citado anteriormente, a Unidade 8 está enteira dedicada á normalización lingüística. Buscar a información precisa para realizar o seguinte traballo, en grupos:
- Realizar un censo de Asociacións normalizadoras que se citan e das actividades que levan a cabo.
 - Explicar, coas vosas palabras, os seus obxectivos.
 - A nivel local ou comarcal, investigar se existen asociacións que pulen pola promoción e uso, oral e escrito, do galego.
 - Propoñer unha actividade normalizadora dunha acción colectiva non institucional. Debedes imaxinar que sodes unha asociación, establecer uns obxectivos, e explicar o desenvolvemento desa acción.

BLOQUE TERCEIRO

LITERATURA E SOCIEDADE

1. Esquema de contidos.

1.1. Contidos conceptuais.

- I. Aproximación ás literaturas galega, bretoa e basca.
- II. Análise da obra dos clásicos das literaturas a través de textos representativos.
- III. Oralidade e literatura en Galiza, Euskal Herria e Cataluña.
- IV. O presente das literaturas galega, basca e bretoa.

1.2. Contidos procedimentais.

- I. Análise e comentario de textos escritos.
- II. Estudo e comentario de textos orais.
- III. Creación de textos literarios en prosa, verso e teatrais.
- IV. Estudo e comentario de textos informativos.

1.3. Actitudes e valores.

- I. Valoración dos feitos literarios en culturas non normalizadas.
- II. Valoración do feito literario como un reflexo das situacións sociais e históricas.
- III. Valoración da literatura como un instrumento básico na recuperación social das linguas.

2. Actividades

2.1. Literatura galega. Textos.

a. Os clásicos

TEXTO 1

"CASTELLANOS DE CASTILLA" DE CANTARES GALLEGOS.

ROSALÍA DE CASTRO

*Castellanos de Castilla
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
can do vén, vén como negros!*

*-Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo;
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.*

*Aquel máis que neve branco,
aquele de dosuras cheio,
aquele por quen eu vivía
e sin quen vivir non quero.*

*Foi a Castilla por pan,
e saramagos líe deron;
déroníle fel por bebida,
peniñas por alimento.*

*Déroníle, en fin,
canto amargo ten a vida no seu seo...
¡Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferro!*

*¡Ai!, no meu corazónciño
xa non pode haber contento,*

*que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.*

*Morreu aquel que eu quería,
e para min n'hai consuelo:
sólo hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.
Premita Dios, castellanos,
castellanos que aborreso,
que antes os gallegos morran
que ir a pedirvos sustento.*

*Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan,
dádesllo envolto en veneno.*

*Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheios,
e volven, ¡ai!, sin ventura,
con un caudal de despresos.*

*Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.*

*¡Castellanos de Castilla,
tendes corazón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sin entrañas o peito!*

*En trós de palía sentados,
sin fundamentos, soberbos,
pensás que os nosos filliños
para serviros naceron.*

*E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coupo en máis fatuas cabezas
ni en máis fatuos sentimentos.*

*Que Castilla e castellanos,
todos nun montón a eito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.*

*Sólo pesoñosas charcas
detidas no ardente suelo,
tes, Castilla, que humedezan
esos teos labios sedentos.*

*Que o mar deixoute olvidada
e lonxe de ti correron
as brandas auguas que traen
de prantas cen semilleiros.*

*Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...*

*Esto che tocou, coitada,
por herencia no universo;
¡miserable fanfarrona...!
triste herencia foi por certo.*

*En verdad non hai,
Castilla, nada como ti tan feio,
que aínda mellor que Castilla
valera decir inferno.*

*¿Por que aló foches, meu ben?
¡Nunca tal houberas feito!
¡Trocar campiños frocidos
por tristes campos sin rego!*

*¡Trocar tan craras fontañas,
ríos tan murmuradeiros
por seco polvo que nunca mollan
as bágoas do ceo!*

*Mais, ¡ai!, de onde a min te foches
sin dor do meu sentimento,
i aló a vida che quitaron,
aló a mortíña che deron.*

*Morreches, meu quiridiño,
e para min n 'hai consuelo,
que onde antes te vía, agora
xa sólo unha tomba vexo.*

*Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
pídolle a Dios que me mate,
porque xa vivir non quero.*

*Mais en tanto no me mata,
castellanos que aborreso,
hei, para vergonza vosa,
heivos de cantar xemendo:*

*¡Castellanos de Castilla
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros!*

Actividades:

- I. Repara na estrofa que dá comezo ao poema. ¿É orixinal da autora? ¿De onde procede? ¿En que lugar aparece de novo no texto? ¿Saberías explicar por qué?
- II. ¿Quen está enunciando o poema? ¿Cal é o seu estado de ánimo? ¿A que se debe?
- III. ¿Cal é o ton do poema?
- IV. ¿Qué tema se trata? Xustifica a resposta.
- V. No texto asistimos á exposición dun caso particular certamente dramático. Mais a denuncia convértese en colectiva. ¿Por que? Busca no poema estrofas que exemplifiquen tal situación.
- VI. ¿Qué paisaxe se describe no poema? ¿Qué quere simbolizar Rosalía con isto?
- VII. Fíxate no uso do sufixo *-iño/a* no transcurso do texto. ¿Qué significado ten a súa utilización?

TEXTO 2

"DAQUELAS QUE CANTAN AS POMBAS I AS FRORES",
DE *FOLLAS NOVAS*. ROSALÍA DE CASTRO

Daquelas que cantan as pombas i as flores,
Todos din que teñen alma de muller.
Pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
ai! ¿de que a terei?
(Vaguedás)

Actividades:

- I. ¿Con quen se identifica o "eu" do texto? ¿Por que?
- II. ¿Qué contraposición se establece no texto? ¿Quen son "daquelas"? Nese contexto, ¿qué pode significar "cantan as pombas i as frores"?
- III. Este poema é o primeiro da serie *Vaguedás*, título que Rosalía lle dá á primeira parte de *Follas Novas*. Busca outros textos que se poidan relacionar con este poema.
- IV. Lectura do prólogo de *Follas Novas*. Síntese esquemática das ideas máis importantes do texto.
- V. Actividade creativa: "Respostando preguntas".
Comézase propoñendo que se adopte a personalidade do "eu poético". Irase formando un poema, verso a verso, a partir das respostas a un número determinado de preguntas que os alumnos e alumnas van facéndose. Por exemplo: Un ou unha pregunta: "¿Quen son eu?" Daquela o primeiro verso serán as respostas que cadaquén escriba. A continuación outro alumno ou alumna formulará unha segunda pregunta. As respostas de cada persoa constituirán o segundo verso. E así sucesivamente até que o profesor ou profesora considere oportuno.

TEXTO 3

"UNHA RÚA NUN PORTO LONXANO" DE COUSAS. CASTELAO



UNHA RÚA NUN PORTO LONXANO do norte. As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos. Xentes de todas as castes do mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo.

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de gran amizade, cada un no seu falar. E sen entenderse camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntales.

O mariñeiro que fala francés e máis o mariñeiro que fala inglés entran nunha taberna servida por un home gordo. Queren perder o sentido xuntos, para seren máis amigos. ¡Quén sabe se despois de ben borrachos poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa non rexe co seu corpo comenza a cantar:

*Lanchiña que vas en vela;
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

O mariñeiro que fala francés, arregala os ollos, abrázase ao compañeiro, e comenza tamén a cantar:

*Lanchiña que vas en vela;
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

¡¡A-íu-jú-jú!! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro, gordo coma un flamengo de caste, veu sair aos dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana bermella escorregaron as bágoas. E despois dixo para si nun laido saudoso:

¡Lanchiña que vas en vela!

Tamén o taberneiro era galego.

Descubrimos o texto:

- I. ¿Quen nos conta esta historia? Razo a resposta.
- II. ¿Cal é o espazo xeográfico e físico onde se desenvolven os acontecementos? ¿Ten algo que ver cos protagonistas?
- III. ¿Por que se recoñecen os dous mariñeiros? ¿En que situación se "descobren"? ¿Saberías explicar a que se debe a ocultación da súa procedencia? Razo a resposta.
- IV. Hai un terceiro protagonista na historia. ¿Cal é a súa actitude? ¿Por que?
- V. ¿Cal é a intención do autor nesta "cousa"?
- VI. Na sociedade galega de hoxe en día, ¿séguense a dar casos de ocultamento de quen somos? Facer un intercambio de opinións sobre o tema.

b. A literatura galega hoxe.

TEXTO Nº 1

DE *VIVIMOS NO CICLO DAS EROFANÍAS*. IOLANDA CASTAÑO

FALTAMOS A CLASE. Cómo me buceas.

Faime o que sabes que me gusta que me fagas.

Cociñándome a túa hipérbole

a un fogo moi lento.

Cando as nosas emocións

xa nos doen de tanto usalas,

de alritadas i enroxecidas, que tanto pagaron a pena.

Cómeo todo, meu ben, como cando eras pequeno,

e apertámonos moito

para que non caiba máis nada.

A miña obsesión por esa melena,

acibeche vertical que che abriga toda a espalda,

*unha relixión de 68 centímetros: para que vexas.
 A túa posesividade coñece as miñas formas.
 Fálame de cousas de maiores.
 Tiven que engulirte na miña cabeza.
 Logo comezamos a, e fixéchesme.
 e puxéchesme o.....como se fose unha.
 Un asunto de sintonías, e non sei como é que o fas tan ben.
 Xa nos saen todos os cadros máis bonitos.
 Se che dá por arrodearme de velas eclesiásticas.
 Amarrándote con cordas e coas miñas dotes de quecer
 por iso pido a insolencia de que ti me necesites.*

Descubrimos o texto:

- I. Lectura do texto.
- II. ¿En que persoa ou persoas gramaticais está enunciado o texto?
- III. ¿Cal é o tema do poema? Trata de explicalo oralmente.
- IV. ¿Sabes qué é unha metáfora? Busca no texto exemplos deste recurso literario. ¿Hai moitas neste poema?
- V. Nalgúns versos, a autora do poema deixou espazos en branco. ¿Por que cres que o fixo?
- VI. A autora do poema é unha poeta nova (23 anos). Hoxe en Galiza hai moitas autoras novas dedicadas á escrita literaria. Busca na biblioteca ou en *internet* información sobre escritoras galegas actuais e a súa obra.

TEXTO Nº 2

"COLACAO" DE *POLAROID*. SUSO DE TORO. 1986

BOENO, disque eran mal levados. El disque lle daba malleiras, e claro... Non. Arrear; arreáballe, que unha vez disque a mandou ao hospital. E o conto é que ela fartouse. Pois non sei, el antes vendía o cupón, non sabes, pero dáballe ao alpiste. Aí a iso das oito xa che estaba peneque. E ademais era faltón, que non penses ti que porque era cego... collía de bastón e veña bastonazos. Ai, tamén lle teñen arreado a el, tenas levado boas, que a min dáme reparo sacudirille a un cego, pero tamén se se pon chulo... Porque un tipo deses arréache un bastonazo ¿e que? Ai si, ti falas moito, pero queríate eu ver no sitio, non penses que era unha calcomanía, que era un tiparraco... Mira, coma aquel da gabardina azul, pero máis ancho. Si, o do periódico. Pero máis ancho. Érache unha mula de carallo. Botábache unha man e adiós muy buenas. Pois o tipo era mal levado con todo quisque. Estaba pelexado cos veciños, aos fillos arreáballes cada chaquetilla de medo, e á muller, xa ti ves... Pois o jicho tiña un can deses pequenos, un marilín deses, e disque lle quería coma se fose un fillo. Boeno, tes razón ti, coma un fillo non, quereríalle algo mellor. Pois o choio é que para o can, todo veña aloumiños, a mellor comida, e á familia, hostias. E o caso foi ese, que a muller fartouse e, hala. Pois si señor. Así mesmiño. O tipo chega pola mañá, senta na mesa a almorzar; vai a muller; ponlle diante, coma sempre, unha cunca con colacao, así como temos nós aquí estes vasos, e vai o tipo, bota man da cunca, bebe... Tan tranquilo, oes, pero logo, vai, empeza a retorcerse e, pamba, espichouna. Á pataqueira. E vai ela e mandou o can detrás, meteulle o mesmo na comida. Se cadra, o animalíño ladroulle por facerlle mal ao amo ou así. Os animais teñen moito entendemento, téñenche moito instinto. O caso é que ela preparouno tamén. Non, caer hanlle caer uns anos. O malo é dos rapaces.

Descubrimos o texto:

- I. Lectura enfática do texto.
- II. ¿En que persoa verbal está enunciado o texto? ¿Cómo se chama este tipo de texto?
- III. ¿Vai dirixido a alguén? ¿Como se pode demostrar? ¿Hai resposta no texto?

- IV. ¿Trátase dun texto cun rexistro coloquial ou formal? Trata de buscar exemplos que o demostren
- V. Resume o argumento desta historia. Trata de caracterizar os personaxes que aparecen.

TEXTO Nº 3

DE *DÍAS SEN GLORIA*, DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO*BICOS DE BALDE*

(1)

NA POUSADA DE GALIANA

(Unha puta nova enreda cun palafreireiro; mentres, outra sérvelles viño a uns peregrinos que apuran entre risos os restos da súa cea. Ábrese a porta e aparecen eles).

EL: ¿Onde está ese poldro brincador que se gaba de ter visto desfilar pola súa cama máis pelengríns que o Apóstolo polo seu santo sepulcro? ¡Galiana! ¡Galiana!

(Outra puta, Camila, sae dunha das portas interiores compoñendo as roupas e o pelo. Tras dela sae un home subíndose os calzóns).

CAMILA: ¡Vaia! ¡Sen tempo non era condenado! ¡Qué! ¿Vés, pagar o que debes?

EL: ¡Se tivese con qué, ben sabes que pagaría iso e máis, con tal de saber outra vez dos vosos beizos!

CAMILA: ¡Ven aos meus brazos! Vai para dous anos que te damos por morto.

EL: E estouno, sempre que non vos teño ao meu lado. ¿Onde está Galiana?

PUTA 1: Se non fose porque es preguiceiro e porcallas, retiñámoste connosco para sempre.

EL: No de preguiceiro acertades, pero no de porcallas mentides. Lavo a colla diante de dous grandes acontecementos de cada viaxe, e vós sabédelo; ao chegar a Compostela e ao vir vela a ela.

PUTA 2: (Sacudíndolle o po) Este po leva meses contigo.

EL: Os que me tardaba vervos.

(Abraza a cada unha delas. A rapaza óllao todo con certo reparo).

CAMILA: Non cambiarás nunca.

EL: ¡Non señor! Acáíome ben como son. O que menos me gusta de min son os anos.

CAMILA: ¿Fánseche máis levadeiros viaxando con incluseiras?

EL: Esa Camila ten paseado máis homes pola súa entreperna que pelos quedan na miña cabeza.

Put a 1: ¿E paséaos ben?

EL: Non dá amores de balde e eu xa sabedes que nunca os merco. ¡Viaxo pola súa conta e non polos seus favores! (A ela) Son metidas e de mal encaro, pero de bo corazón. ¡Cea quente e cama limpa para ela, e muller disposta e noite duradeira para min! ¿Galiana? ¿Onde demo se meteu ese prodixio da natureza?

CAMILA: É inútil que chames por ela. Non virá.

EL: Dícidelle quén está aquí. Se ocupa o seu tempo con outro, deixará o labor e virá darme un bico.

CAMILA: Esta vez non, meu amigo.

EL: ¡Está en todas! ¡Fíxoo sempre! ¿Por que ha deixar de facelo agora? Non sería a Galiana que aprezo se tivese cambiado tanto!

CAMILA: Finou, vai para dous meses.

(Escurece)

(2)

NA TUMBA

(Na cima dunha ladeira erma, unha cruz de pao sinxela e solitaria recórtase sobre o ceo avesío da noitebra, sinalando o lugar onde Galiana repousa para sempre. El axeónllase cabo dela).

EL: Non che traio flores. Nin se me dan os rezos, ben o sabes. Iso si, traio viño dabondo para me empenecar coma está mandado, na túa memoria. É de supoñer que non che importe. Sería o que me gustaría que fixesen os meus amigos para chorar a miña perda. ¿Estoume poñendo sentimental de máis? Querer, non quixera pero... ¡Rediós, Galiana, pensei que a xente coma nós non morría nunca! Que durabamos sempre. ¡E xa ves! Ti aquí, ela no carro, eu... Pudeches agardar que volvese. Eras do pouco bo que lle quedaba a este puto camiño. E á miña vida. Levaríate tamén a ti se me desen as forzas, pero, mírame; vello, canso, con máis folgos no pico que no lombo ou que nas pernas. ¡Esa condenada que te levou, róndame a min tamén! ¡A todos neste camiño! O de Cira di que esta será a miña derradeira viaxe, e vento que acerta.

(Aparece a rapaza polo fondo da ladeira e agarda a unha distancia prudente).

EL: Aínda que mediara o Apóstolo, que non ten por que, bastante faría con deixar que chegase a Compostela con ben.

ELA: O noso amigo pasou por aquí hai sete días. Se queremos darlle alcance deberamos ir indo.

EL: O que son as cousas, ¿non si, Galiana? Uns fuxindo da morte e outros bulindo tras dela.

ELA: Din que antes de morrer mandoulle un bico e doeuse de non ter visto nunca o mar.

EL: Eu irei velo por ela.

(Escurece)

(3)

ERMO ADIANTE

(Á tardiña. No medio dunha nevada. El turra do carro e ela séguelo detrás. Cústalle andar).

ELA: ¿Tanto a quería?

EL: Queriámola moitos. Era un respiro nesta merda de camiño. Se tiñamos cartos non nos doía gastalos con ela, e senón os tiñamos, ela non deixaba de aliviar a nosa fatiga ou as nosas penas o mesmo.

ELA: Debeu de ser unha gran muller.

EL: Érao. O corpo e as noites vendíaos, pero o cariño dábaos de balde.

ELA: Cada quen ponlle ao seu cariño o prezo que quer. Por min non vai chorar ninguén nunca.

EL: Pois unha bágoa non é mal prezo.

ELA: Non, pero as bágoas non a manteñan a unha. E menos as que se verquen cando xa somos pasto dos vermes.

(A rapaza non pode cos folgos e detense).

EL: ¿Estás cansa?

ELA: Si.

(Pousa o carro e vai onda ela).

EL: Sube no carro.

(Ela soa non pode e axúdalle el).

EL: (Con ela nos brazos) ¡Rapaza!

ELA: ¿Qué?

EL: ¿Canto custa un bico teu?

ELA: A vostede o que a min a viaxe, viño e xantar á parte.

EL: ¡Ei! ¡Ei! Que o viño vai por conta dos dous.

ELA: Non no meu trato.

(El volve coller o carro e segue camiño entre a neve que non deixa de caer).

(Escurece).

Descubrimos o texto:

- I. Lectura dramatizada do texto.
- II. Enumera os trazos característicos dos personaxes. ¿Qué relacións se establecen entre eles?
- III. Busca no texto as referencias á localización espacial da acción.
- IV. O textos do xénero dramático caracterízanse esencialmente por estaren destinados á representación. ¿En que partes do texto escollido se apreza este fin? ¿Qué tipo de información se nos ofrece? ¿Qué nome reciben estas partes?
- V. Actividade de creación: En *Días sen gloria*, o escritor Roberto Vidal Bolaño presenta uns personaxes nunha peregrinación cara o amor e a morte, unha viaxe no camiño distinta. Continúa ti esta viaxe imaxinando novas situacións para estes dous personaxes protagonistas.
- VI. Realizar a representación teatral dos textos obtidos finalmente.

c. Mostras de literatura oral.

CANTIGAS POPULARES

*Como colebrexan as troitas no río
Eisí colebrexa o teu corpo frocido;
Como colebrexan as troitas na iauga
Eisí colebrexa a túa cara salgada
Ai, roxiña, roxiña do pelo,
Ven comigo mazar o centeo;
O centeo, o centeo, a cebada,
Ai roxiña, miña namorada.
Rosa que estás na roseira,
Déixate estar fechadiña;
Que eu vou pras terras de fóra;
Cando viñer, serás miña.*

Descubrimos os textos:

- I. Trátase de textos de orixe popular, isto é, inventados e cantados pola xente. ¿Qué trazos manifestan que se trata de textos orais?
- II. Non por tratarse de literatura oral, deixan de ter afinados recursos literarios. Trata de descubrir as metáforas e os duplos sentidos que hai en cada texto.
- III. Cada alumno e alumna debe tratar de realizar unha recollida de cantigas populares (na súa casa, cos veciños e veciñas...) Para iso axuntamos esta ficha que debe ser cumprimentada para cada recollida. Tamén sería interesante gravar as cantigas para despois expoñer os resultados da recollida.

Ficha de recollida:	
Título:	
Tema:	
Tipo de texto:	
Nome da persoa (idade, relación):	
Lugar de recollida:	
Texto adaptado:	

IV. "Move a lingua". Trátase dunha actividade de expresión oral, unha "contada", tal como veñen facendo moitos contadores e contadoras como Quico Cadaval, Paula Carballeira, Carlos Blanco... Para levala adiante débense seguir estes pasos:

- 1º. As historias deben ser de base popular, de base literaria ou mesmo poden ser de creación propia.
- 2º. A participación será individual. O tempo máximo para a contada será de cinco minutos.
- 3º. O tema das historias será libre.
- 4º. Valorarase especialmente o coidado da lingua, sen que isto exclúa a utilización de variantes dialectais ou rexistros da lingua acaídos ao contexto ou personaxes da historia. Tamén se terá en conta a dición e a utilización da linguaxe non verbal.
- 5º. Na aula formarase un xurado escollido por todos e todas. O profesor ou profesora actuará de moderador, terá voz pero non voto. O xurado escollerá as tres mellores historias en función dos seguintes aspectos:

CONCURSANTE	Utilización da lingua	Recursos non verbais	Orixinalidade	

2.2. A literatura en euskara.

I. Aproximación á súa historia.

PASEO POLA HISTORIA DA LITERATURA EN EUSKARA

Século XVI

O clérigo Bernart Etxepare ten a honra de publicar en 1554 a primeira obra literaria escrita en euskara. Trátase de *Linguae Vasconum Primitiae*, de tema relixioso, onde xustifica a necesidade de escribir en basco para dar a coñecer a lingua. Neste mesmo século temos a Joanes Lizarraga, tamén sacerdote, que se significou pola tradución do latín de obras de contido relixioso. Entre elas destacan *O Novo testamento do Noso Señor Xesús Cristo* ou *o ABC ou instrución de cristiáns*. Este autor tamén xustifica nos seus textos a necesidade de escribir no seu propio idioma.

Século XVII

Neste século, o labortano, forma dialectal do idioma, acadará o seu máximo esplendor, adquirindo o rango de lingua literaria. Tamén se consolida o xénero lírico como predominante. Destacaron neste eido, Oihenart e Joannes de Etxeberri. Porén, a figura máis destacada será a de Pedro de Asular, tamén clérigo, do que só conservamos unha obra, *Güero (Despois)*, considerado un dos máximos representantes da literatura basca. Este autor, nesta obra filosófica e ascética tamén aproveita para xustificar a presenza do idioma nos textos literarios.

Século XVIII

É o século da aparición das primeiras manifestacións teatrais na literatura culta. Tamén nese século se descubrían os manuscritos que contiñan teatro popular. O Padre Larra-mendi é a figura máis representativa nesta etapa, aínda que a maioría dos seus traballos foron escritos en castelán. Destaca o seu *Diccionario trilingüe de Castellano, Vascuence y Latin*. Tamén aproveita a súa obra para realizar unha acesa defensa do euskara como lingua literaria.

Canto ao teatro moderno, este xorde no ambiente da Sociedade Basca de Amigos do País. Os títulos que destacan son: *Gabonetado Idustizunak (Actos para a Noiteboa)*, do Padre Barrutia; os *Aguinaldos (Gabon sariak)*, e *El borracho burlado*, ópera cómica en castelán e euskara, de Xabier María de Munibe. Todas estas obras encerran un forte contido didáctico.

Século XIX

Adoita dividirse en tres etapas o cultivo da literatura neste século: primeiro terzo de século, metade de século e último terzo ou Renacemento.

Nese primeiro período temos, de novo, un grande interese polo idioma por parte do clero. Así a prosa relixiosa acada un pulo inusitado até o momento. Destacan as figuras de Añibarro, Frei Bartolomé de Santa Teresa, Juan Bautista Aguirre, Guerrico... A prosa profana tamén ocupa un espazo importante coa obra de Goyeteche, Iturriaga, Iztueta, e sobre todo, Juan Antonio Moguel que, coa súa novela *Peru Abarka*, defende o modo de vida rural e o idioma como signo desa identidade.

Na metade do século aprézase a influencia do labor do Príncipe Bonaparte, centrado na unificación da lingua basca, e no financiamento de traducións aos diferentes dialectos do idioma. Entre os seus colaboradores destacan Duvoisin, Inchauspe e Uriarte.

A última etapa é coñecida como o Renacemento da actividade literaria en euskara. A aparición de movementos de afirmación nacional e o espírito romántico permiten o rexurdir da literatura. Celébranse certames poéticos e as obras multiplícanse. Tamén comeza a nacer o xornalismo basco, con publicacións como o semanario *Eskualduna*. A poesía e o teatro adquirirán grande dimensión neste momento. Os poetas máis destacados son Etxahun; Bilintx; Juan Bautista Elizanburu, coa súa *Nere Etchea (A miña casa)*; ou Zalduby co seu patriótico poema *Zazpi Euskal Herriak*, un canto á unidade nacional das sete provincias bascas. A obra destes autores constitúe unha defensa dun xeito de vida rural, fronte ao proceso de industrialización e cambio social que se está a dar en grande parte da sociedade. No teatro destaca Marcelino Soroa con obras como *Iriyarena* ou *Antón Caicu*, a primeira comedia basca.

Século XX

É, sen dúbida, o período máis rico da literatura en lingua basca. O comezo de século está fortemente influenciado polo pensamento nacionalista de Sabino Arana, tanto nos contidos literarios como na escolla dunha lingua “purificada” e libre de calquera influencia románica. Outras tendencias defenden unha postura menos purista (Azkue, Campión e Urquijo). A maior parte dos escritores seguirán a primeira, fortemente ligada ao pensamento político nacionalista.

Antes da Guerra civil desenvólvese con forza o xénero poético (Loramendi, Lizardi, Orixe,) e tamén hai mostras de prosa literaria: Aguirre, Alzaga, Barriola...

Despois da Guerra do 36, ao igual que todas as literaturas periféricas, a basca sofre unha regresión importante. Nos anos 50 proliferan revistas de ordes relixiosas e en 1956 aparece *Euskara*, órgano de difusión da Academia da Lingua Basca. Destacan os poetas Salvador Michelena e Nicolás Echániz.

A partir de 1964, coa publicación de *Harri eta Herri (Pedra e Pobo)*, de Gabriel Aresti, comeza un novo período de rexurdimento e de ruptura na literatura basca. Non só foi esta obra senón que en revistas anteriores como *Eusko-gogoa*, *Egan*, *Olerti*, *Jakin*, xa se viña xestando unha verdadeira renovación literaria. En canto ao xénero poético destacan Krutwing, Jon Mirande, Iratzeder, Otsalar, Azurmendi e sobre todo Aresti, cunha obra popular, urbana, sen deixar de lado a literatura popular, social e laica. Canto á narrativa, destaca a figura de Txillardegui con obras de transcendencia e renovación (*nouveau roman*) como *Peru Leartzako*. O ámbito do teatro tamén experimenta a súa propia renovación coa actividade de grupos como Jarrai ou as traducións de Aresti das obras de Brecht ou Hugo Betti.

II. Selección de textos:

TEXTO 1

INTRODUCCIÓN A *LINGUAE VASCONUM PRIMITIAE*, DE BERNART ETXEPARE (1554)

Sendo os bascos hábeis, esforzados e xenerosos, e habendo entre eles grandes letrados en todas as ciencias, estou asombrado, señor, que ningún para o ben da súa lingua, intentase compoñer e escribir en bascuence, para dar a coñecer ao mundo enteiro que esta lingua é tan apta como calquera outra para ser escrita (...) fagades, se tedes a ben, imprimir estas letras, e teñamos todos deste xeito, unha fermosa xoia, a lingua basca impresa (cosa que non existiu até agora) (...) e teñan os bascos na súa lingua, como teñen os demais, doutrina e materia coa que teren lecer, conversaren, cantaren, e pasaren o tempo.

TEXTO 2

AGUR EUSKAL HERRIARRI (SAÚDE A EUSKAL HERRIA), DE GRACIÁN ADEMA "ZALDUBY"

*Saúde e honra a Euskal Herria:
Ao Labourd, Baixa Nafarroa, Soule;
A Biscaia, Nafarroa, Guipuskoa e Araba,
Que se xungan as sete nun abrazo.
Hai un fermoso carballo nos nosos montes
Que se estende no ar coas súas sete pólas.
En Franza e España, en ambos lados,
Aquí tres e alí catro, é un en sete partes.*

Descubrimos o texto:

- Lectura atenta e enfática do texto.
- No texto fálase de sete partes ou provincias de Euskal Herria. ¿Onde están estas? Trata de situalas nun mapa.
- ¿Hai algunha metáfora no texto? ¿Qué quere dicir? Trata de facer unha definición persoal do concepto de metáfora.

TEXTO 3

GABRIEL ARESTI

<i>Nire aitaren etxea defendituko dut, Otsoen kontra, sikatearen kontra, lukurreriaren kontra, justiziaren kontra, defenditu eginen dut nire aitaren etxea. Galduko ditut,</i>	<i>Defenderei A casa de meu pai. Contra os lobos, Contra a seca, Contra a usura, Contra a xustiza Defenderei A casa de meu pai. Perderei Os gandos,</i>
--	---

*aziendak,
 soloak,
 pinudiak;
 galduko ditut
 korrituak,
 errenteak,
 interesak,
 baina nire aitaren etxea defendituko dut.
 Harmak kenduko dizkidate,
 eta eskuarekin defendituko dut
 nire aitaren etxea;
 eskuak ebakiko dizkidate,
 eta besoarekin defendituko dut
 nire aitaren etxea;
 besorik gabe,
 sorbaldik gabe,
 bularrik gabe
 utziko naute,
 eta arimarekin defendituko dut
 nire aitaren etxea.
 Ni hilen naiz,
 nire arima galduko da,
 nire askazia galduko da,
 baina nire aitaren etxeak
 iraunen du
 zutik.*

*As hortas,
 Os piñeirais;
 Perderei
 Os intereses,
 As rendas,
 Os dividendos,
 Mais defenderei a casa de meu pai
 Quitaranme as armas
 E coas mans defenderei
 A casa de meu pai;
 Deixaranme
 Sen brazos,
 Sen ombros
 E sen peitos
 E coa alma defenderei
 A casa de meu pai.
 Morrerei,
 Perderase a miña alma,
 Perderase a miña prole,
 Mais a casa de meu pais
 Seguirá
 En pé.*



Descubrimos o texto:

1. Lectura atenta e enfática do texto.
2. No poema de Aresti estase falando simplemente dunha casa? ¿Que simboliza esta casa?
3. ¿De quen ou que defenderá a casa? ¿Continúan existindo hoxe estas ameazas?

TEXTO 4
BERNARDO ATXAGA



Escribo nunha lingua estraña. Os seus verbos,
a estrutura das súas oracións de relativo,
as palabras coas que designa as cousas antigas
–os ríos, as plantas, os paxaros non teñen irmás en ningún outro lugar da Terra.
Casa dise etxe; abella erie, morte heriotz.
O sol dos longos invernos, eguzki ou eki;
o sol das suaves e chuviosas primaveras
tamén eguzki ou eki, como é natural.
É unha lingua estraña, mais non tanto.
Nacida, din, na época dos megalitos
sobreviviui, lingua teimuda, retirándose,
agochándose coma un ourizo neste lugar
que agora, grazas precisamente a ela,
moitos chamamos País Basco ou Euskal Herria.
Nembargantes, o seu illamento non foi absoluto:
gato é katu; pipa é pipa; lóxica é lógika.
Como tería concluído o príncipe dos detectives,
o ourizo, querido Watson, saíu da súa tobeira
e visitou moitos lugares, e sobre todo Roma.
Lingua dunha nación diminuta,
lingua dun país que non se ve no mapa,
endexamais pisou os xardíns da Corte
nin o mármore dos edificios de goberno;
non produciu, en catro séculos, máis dun cento de libros:
o primeiro en 1545; o máis importante en 1643;
o Novo Testamento, calvinista, en 1571;
a Biblia completa, católica, alá polo 1860.
O soño foi longo, a biblioteca breve,
Mais no século XX, o ourizo espertou.

Descubrimos o texto:

1. A partir deste poema fai un esquema moi simple que conteña a historia do euskara.
2. ¿Por que di que "o ourizo saíu da súa tobeira e visitou moitos lugares e sobre todo Roma"?
3. ¿Por que se di que no século XX o ourizo espertou?

2.3. A literatura bretoa. Breve reseña histórica

O decurso da literatura bretoa vai parello ao decorrer histórico da propia lingua nacional. Divídese en tres períodos: Antigo, Medio e Moderno. Na súa forma escrita máis antiga, datada entre os séculos VII e XI, a lingua bretoa aparece representada en diversos glosarios de palabras latinas. O texto máis antigo, que foi descuberto en 1913, dátase no século XIV. Entre os séculos XV e XVII xorde unha abundante literatura de carácter relixioso, composta na súa maioría por misterios e milagres. *Mellezour an maru (Espello de morte)* é un poema longo de comezos do XVI que fala do Xuízo final. A primeira obra en prosa de certa importancia é *Buhez Sante Cathell (A vida da Santa Catarina)*, publicada en 1576 e case na súa totalidade traducida dunha fonte latina.

O século XIX supón un grande crecemento para a literatura en lingua bretoa. En 1827, Jean François Legonidec traduciu a Biblia ao bretón, facendo un esforzo por eliminar as palabras de orixe francés nesta versión. Tamén se publicaron neste século poemas, contos e lendas populares. Representativo deste feito é o *Barbaz breiz, (A poesía de Bretaña)*, editada por Hersart de Villemarqué, que introduciu versións propias da súa autoría. Esta obra tivo gran influencia na literatura posterior, en autores como Anatole Le Braz.

No transcurso do século XX deuse a coñecer a obra de novos autores bretóns en diversas publicacións, como *Gwalarn, Liamm*, etc. En 1942 aparece a que é considerada unha das mellores novelas bretoas modernas, *A nosa señora do Carme*, de Youenn Drezen. Entre os poetas modernos podemos sinalar a Jean Pierre Colloc'h, autor de poesía relixiosa, e a Ropezh Er Mason. Tamén o teatro acadou gran sona, destacando Tenguey Malmanche, que figura entre os fundadores da escola do teatro moderno.

TEXTO 1

PIERRE-JAKEZ HÉLIAS

Na escola está prohibido falar bretón. Hai que se poñer co francés de contado, ¡que desgraza! (...) Ben axiña poñémonos á tortura, cheos de boa vontade, para fabricarmos unhas frasiñas en francés. ¿É culpa nosa se polo medio se nos esluen unhas palabriñas en bretón? (...) Cando castigan a un de nós por deixar sentir a lingua materna no recinto reservado ao francés, tanto se lle botan ao lombo a conxugación dun verbo insólito ou irregular, como se lle toca estar de pé detrás do encerado despois de marcharen os seus compañeiros, agárdao na casa outro castigo. O pai ou nai que, algúns, non entenden papa de francés, despois de lle daren unha boas, repróchanlle amargamente ser a vergoña da familia, asegurando que nunca ha valer máis que para ir coas vacas, o que xa pasa por infamante, nos tempos que corren, para os mesmos que teñen como parte do seu traballo coidalas. Pola outra banda, a palabra vaca é a aldraxe que se lles dedica aos pobres de espírito, aos que non aprenden nada de nada (...) Como non hai burros no país, hai que emprendela cun animal familiar ao que non se ten por ser de intelixencia moi esperta. Os cornos grandes veñen sendo tanto como as orellas grandes. ¿Será por iso que o castigo que se dá, en calquera bisbarra de fala bretoa, aos escolares pillados falando bretón, se chama "a vaca"? (...) A vaca está a miúdo representada por un obxecto material calquera: un seixo, un cacho de madeira ou de lousa que o culpábel (¡) ten que levar pendurado ao pescozo cun cordel. (...) O adornado coa vaca non ha parar até que pille un dos seus compañeiros falando bretón para lle facer pandar coa chisma. O segundo envacado, pola súa banda, fai canto pode para se librar da prenda poñéndoa nas mans dun terceiro, e así, dun noutro, até o serán, en que o derradeiro posuidor atrapa o castigo. Certos mestres chegan a animar os nenos a que se delaten uns aos outros,

por máis que lles aprendan na aula que é moi feo ser acusón. (...) Detrás dos urinarios do patio dos pequenos acollémonos para nos consolar mutuamente, falando a nosa lingua, das picadas que nos botan os nosos condiscípulos burgueses. Ben que temos tentado de lles facer comer os insultos a puñadas, pero os bedeis castígannos sempre, a nós, os bretonantes, nunca aos outros. Castigarannos por orde do Xefe de Estudos, perseguirannos por todos os recunchos, coas orellas á espreita das frases bretoas que nos poidan escapar. No patio do instituto La Tour d'Auvergne, en Quimper, en 1925, está prohibido cuspir no chan e falar bretón. Á vaca chámanlle "a consigna" e os bedeis, os nosos perseguidores, son tan bretonantes como nós. Pero un bo mozo do goberno escribiu e publicou que, pola unidade de Francia, o bretón tiña que desaparecer.

Pierre-Jakez Hélias: O cabalo do orgullo. Memorias dun bretón do país bigudén

Descubrimos o texto:

1. Este texto describe moi ben a situación do bretón a principios do século XX. Escribe cinco palabras que resuman a situación en que vivían os bretonantes.
2. ¿Podes atopar semellanzas entre a literatura de Pierre-Jakez Hélias e a de algúns escritores e escritoras galegos?
3. Na túa opinión, ¿consideras que ten algo que ver o descenso do número de falantes do bretón con situacións como a que se relatan neste relato? Realizade un debate co seguinte título: As cousas son como son porque foron como foron.



BLOQUE CUARTO

COMUNICACIÓN

1. Esquema de contidos

1.1. Contidos conceptuais.

- I. Aproximación e análise da realidade actual do galego nos medios de comunicación.
- II. Aproximación á realidade actual do euskara nos medios de comunicación.
- III. Aproximación á realidade actual do bretón nos medios de comunicación.
- IV. Os diferentes medios de comunicación.
- V. Os medios de comunicación no século XXI.

1.2. Contidos procedimentais:

- I. Lectura e análise de textos informativos.
- II. Organización e realización de debates.
- III. Recollida de información bibliográfica.
- IV. Recollida de información e medios.
- V. Realización de exposicións.
- VI. Busca de información e manexo de recursos en *Internet*.

1.3. Contidos actitudinais.

- I. Valoración da importancia dos medios de comunicación hoxe en día.
- II. Valoración da presenza das linguas minorizadas nos medios, como elemento para a súa normalización.
- III. Valoración da importancia dos medios de comunicación virtuais na sociedade de hoxe.
- IV. Valoración da presenza e aumento do idioma galego en todos os medios de comunicación.

2. Actividades

2.1. A prensa en galego

O GALEGO NOS MEDIOS HOXE EN DÍA.

A orixe da prensa escrita en galego remóntase a finais do século XIX coa aparición de diversas publicacións periódicas de certa importancia. A principios do XX, ao abeiro do nacemento do nacionalismo, este fenómeno tivo continuidade e foi en aumento. A chegada da ditadura franquista, entre 1939 e 1975, tronzou este proceso.

Unha vez instaurado o réxime constitucional van xurdindo novos medios de comunicación escritos. A revista *Teima*, de información xeral, foi publicada entre 1976 e 1977; neste ano apareceu a histórica cabeceira *A Nosa Terra*, que hoxe continúa a ser o semanario máis lonxevo da nosa prensa. Apareceron tamén revistas mensuais como *Man Común* (entre 1980 e 1981), ou a revista *Tempos Novos*, que se publica desde 1998. Destacan tamén numerosas iniciativas de ámbito comarcal, como *A Peneira* (O Condado) e *Salnés Siradella* (Arousa), hoxe tristemente desaparecidas. Non podemos esquecer iniciativas máis especializadas como *Luzes de Galiza*, *Natureza Galega*, *Cerna*, *Revista Galega de Educación*, *Inzar Razóns*, *Andaina*, *Ar!*, etc.

Canto á prensa diaria, o panorama foi, historicamente, e segue a ser hoxe moi cativo.

O primeiro xornal integramente en galego non apareceu até 1994, *O Correo Galego*, na capital de Galiza. Así a presenza do noso idioma nas cabeceiras da prensa galega é meramente testemuñal, ou mesmo ritual en datas moi concretas, como o *Día das Letras Galegas*, ou o *Día da Patria galega*, nas que o galego adorna as portadas dos diarios.

A radio só conta cunha emisora de ámbito galego que emita toda a súa programación no noso idioma, a Radio Autonómica Galega, de titularidade pública. Existe unha ducia de emisoras locais, de titularidade municipal, que emiten en galego, aínda que con excepcións, sobre todo no ámbito da publicidade. Historicamente só merece destacar a iniciativa, a primeiros dos anos 80 do século XX, da emisora da COPE en Vigo, que deu paso a unha programación fundamentalmente en galego. Tamén merece ser destacada, negativamente, a desaparición das emisións en galego de Radio 4 (de titularidade estatal) en 1992. No referido ás emisoras privadas (SER, COPE, Onda Cero, Radio Voz...), a presenza do noso idioma é menos que testemuñal.

A situación da televisión non é mellor. Só existe unha televisión que emite a súa programación en galego, a TVG, de titularidade pública, aínda coa eiva de non ter normalizada a nosa lingua en todos os anuncios publicitarios que se emiten. As outras cadeas públicas, de ámbito estatal, TVE-1 e TVE-2, emiten en galego nalgunhas desconexións diarias, pero moi poucas horas. Para as emisoras de televisión privada, Antena 3, Tele 5, Canal +, ou a través do satélite, o galego non existe. A televisión local tampouco é allea a este proceso, pois a maior parte das emisoras fan a súa programación en castelán, moita dela xerada fóra de Galiza (Localia TV).

A aparición das novas tecnoloxías está a supor unha verdadeira revolución no campo da comunicación. O idioma galego, aínda que non está a marxe disto, tampouco ten unha presenza na rede correspondente coa súa situación social. É certo que, comparativamente, atopamos en Internet moitos máis recursos e medios de comunicación que nos outros ámbitos. Así son interesantes as iniciativas de información xeral: www.vieiros.com, www.anosaterra.com; as revistas virtuais: www.revistaomnibus.com; www.acontrafio.com; as páxinas dedicadas á dinamización e uso do galego: www.aspg.com; www.amesanl.org, www.ciberirmandade.org; www.galego21.org; www.galego.org; www.uniongaleguista.org; outros específicos como www.canalciencia.org; www.bravu.net; portais culturais como www.xaneladacultura.com; www.culturagalega.org; www.u-lo.com, etc.

Actividades:

- a. Lectura do texto.
- b. Busca información nunha enciclopedia sobre a prensa galega de finais do século XIX e principios do XX.
- c. Debate: "A presenza do galego nos medios de comunicación no século XXI."

Para a realización do mesmo débense seguir estas pautas:

- I. Dividir a clase en dous grupos. Cada un deles debe procurar información sobre a postura a defender: un grupo propondrá a tese de que a presenza do galego é suficiente e o outro defenderá un aumento da presenza do noso idioma nos mesmos.
- II. Unha vez realizado o anterior, cada grupo escollerá un voceiro/a que exporá a información e as teses que se defenden. Previamente, terase escollida unha persoa que actuará como moderadora.
- III. Abriranse quendas de intervención abertas a todos e todas as compoñentes dos grupos.
- IV. Ao final, o voceiro ou voceira de cada grupo exporá as conclusións de cada un dos grupos. Estas anotaranse nunha cartolina e poñeranse na clase.
- d. Procurar entre toda a clase un exemplar de cada un dos xornais ou revistas que se citan no texto. Buscar tamén outras revistas da vosa comarca que se publiquen en galego. Con este material realizarase unha exposición para todo o Centro.
- e. Por grupos, redactar unha carta para enviar a todos os medios de comunicación solicitando, con argumentos, unha maior presenza do galego.

2.2. A prensa euskara.

A SITUACIÓN DO EUSKARA NOS MEDIOS

No ámbito da televisión, desde 1982, EusKal Telebista 1 (ETB 1) emite unicamente en basco. Estas emisións chegan aos sete territorios bascos, agás o interior de Iparralde por causa de problemas territoriais e políticos. A televisión pública española emite aproximadamente dúas horas diarias de programas para a infancia en lingua basca. En Iparralde, a televisión francesa só emite unha media hora de programas en euskara por semana. Existe tamén un bo número de emisoras locais de televisión, algunhas das cales emiten en basco.

Na radio temos as emisoras Radio Euskadi Irratia e Euskadi Gaztea que desenvolven, na comunidade Autónoma de Euskadi, unha programación exclusiva no idioma propio. Egin Irratia tamén emitía toda a súa programación en basco até que foi clausurada no ano 1998. A emisora Euskalerrria Irratia emite en Nafarroa. En Iparralde existen tres estacións de emisión en basco, e ademais, en todo o territorio de Euskal Herria, hai un abondoso número de radios locais (sobre 120) das que moitas emiten en basco ou son bilingües.

O único xornal integramente en euskara, difundido nos sete territorios de Euskal Herria, é *Egunkaria*, nacido en 1990. En Iparralde só temos o semanario *Herria*, enteiramente en lingua propia. No resto da prensa escrita só se publica en euskara unha pequena parte de cada xornal: *Gara*, un 20%; *Deia* e o *Diario Vasco*, un 10% cada un. *Aizu* é unha publicación bimensual dedicada ás persoas que están a aprender a lingua de Euskal Herria.

2.3. A prensa en bretón



O BRETÓN NOS MEDIA NA ACTUALIDADE

En canto á televisión, a presenza do bretón é moi cativa. A televisión estatal, France 3, apenas programa sobre Bretaña. A produción de vídeo independente está bastante desenvolvida, pero faise fundamentalmente en francés. Ultimamente naceu unha televisión en bretón e en francés co ánimo de divulgar o uso da lingua bretoa.

A produción en bretón é un pouco maior na radio que na televisión. Os programas nesta lingua son difundidos, sobre todo, por emisoras locais como Radio Bro Gwened, Radio France Armorique, Radio France Bretagne Ouest/Radio Breizh Izel e Radio Kreiz Breizh.

Non existe aínda ningún xornal diario en bretón. Si hai varias revistas como *Al Lanv*, *Al Liamm*, *An Doééré*, *Bremañ*, *Brud Nevez*, *Hor Yezh* e *Imbourc'h*, que son editadas en bretón e financiadas de xeito máis ou menos comprometido polas autoridades locais, *Skol Uhel ar Vro* (Instituto Cultural da Bretaña) e por parte de subscritores e subscritoras. Tamén hai revistas mensuais e trimestrais en francés como *Dalc'homp Soñj*, *Breizhh*, *L'Avir de la Bretagne* e *Evit Koroll*, que tratan da situación política e cultural da Bretaña.

Canto ás editoriais que publican en bretón, podemos citar: *Al Lanv*, *Al Liamm*, *An Here*, *Brud Nevez*, *Emgleo Breiz*, *Hor Yezh* e *Keit Vimp Bev*. As librerías *Ar Bed Keltiek et Coop Breizh/Diffusion Breizh* traballan con numerosas obras en bretón.

No referido aos recursos informáticos, existe un revista virtual en bretón, producida por *Kreizenn Gelaouiñ*, ademais dun abondoso número de páxinas e sitios na Rede.

Fonte: Mercator-Media

BLOQUE QUINTO

MOCIDADE E LINGUA

1. Esquema de contidos.

1.1. Contidos conceptuais

- I. Os usos lingüísticos na mocidade en Bretaña, Euskadi e Galiza.
- II. A valoración da lingua entre a mocidade.
- III. A ruptura xeracional na transmisión lingüística.
- IV. A situación das linguas no ensino.
- V. Iniciativas lingüísticas normalizadoras na mocidade.
- VI. Lingua e mocidade: Literatura, música, *internet*, cinema...

1.2. Contidos procedimentais

- I. Análise de textos informativos.
- II. Análise, estudo e elaboración de cadros estatísticos.
- III. Elaboración de inquéritos sobre usos lingüísticos.
- IV. Síntese de datos e elaboración de conclusións.

1.3. Contidos actitudinais

- I. Valoración da situación actual das linguas non normalizadas.
- II. Valoración da situación actual do galego na mocidade.
- III. Mellora da autoestima sobre o feito cultural e lingüístico en Galiza.
- IV. Valoración positiva do multilingüismo na sociedade de hoxe.

2. Actividades.

2.1. A mocidade en Bretaña, Euskadi e Galiza.

CARTA DUNHA RAPAZA BASCA

Ola amigos! ¿Qué tal? Chámome Miraren e estou en 4º de E.S.O., no instituto de Agurain. Agurain ten 3.000 habitantes e é unha das vilas máis grandes de Araba. Araba é a provincia de Euskadi onde menos euskara se fala. Na miña vila escoitase máis o castelán, pero iso está cambiando. No noso instituto as clases son en euskara –menos a materia de Lingua española– e nós intentamos falalo o mellor e o máis posíbel. Fóra da clase moitos falan máis o castelán, aínda que cando saímos de festa e coñecemos outra xente que vén doutros sitios de Euskal Herria utilizamos o euskara. A maioría das familias do val son castelás, que chegaron coa emigración, e polo xeral en Agurain hai moita xente aprendendo euskara.

Nos últimos anos aumentou moito en Euskadi o uso do euskara e eu penso que nos próximos anos haberá máis xente nova que teña o euskara como lingua de seu. Desde a nosa vila divísase a Serra de Entzia, e os Montes de Iturrieta, e o monte Aratz. A vexetación é abundante, predominan o carballo e a faia. Nas nosas fragas viven esquiños, gatos monteses, xabarís, corzos, raposos...

Perto de Agurain hai un dolmen, e temos unha igrexa do século XIII con pinturas medievais únicas no mundo. Vaia, todo o de Agurain é único no mundo, como únicas son as cousas que tedes vós na vosa cidades, ¿non si? Quitando o Macdonals, claro, que é igual en todas partes.

En Euskal Herria temos unha música tradicional moi interesante. Os instrumentos máis importantes son a trikitixa, o pandeiro, e a txalaparta. A trikitixa tócase coas mans, ten forma cadrada e colócase á altura da tripa e, como é pesada, átese nas costas cunha especie de tirantes. No centro da trikitixa hai aire dentro dunha especie de cartón que se abre e se pecha cando ti a estiras cos brazos, como se fose un acordeón. A música que máis escoitamos entre nós é o rock basco. Algúns dos grupos máis coñecidos son Idi Bhotz, Su Ta Gar, EH Sukarra, Betagarrí. Todos estes grupos tocan xenial e eu penso que paga a pena ouvilos. A min e aos meus colegas gústanos saír de noite e

pasalo guai nos pubs e nos bares. Os grupos de amigos que saen de marcha xuntos aquí chámanse cuadrillas. ¡A miña cuadrilla é xenial!

En canto aos deportes que practicamos en Agurain, o máis importante éo da pelota-man, que se xoga nun frontón de dúas paredes. Fernando Eguino foi un pelotari de Agurain que chegou a ser campión do mundo. Ben, aquí xogamos tamén ao fútbol, ao baloncesto e facemos aerobic, como en calquera outro sitio.

Hoxe en día temos medios de comunicación que nos informan en euskara, xa sexa na tele (ETBA), na radio (Hala Bedi, Euskadi gaztea, Euskal irratia e, como non, nos xornais (Deia, Egunkaria, Egin...). Tamén temos revistas e cada vez máis páxinas en internet. Nós esperamos que o euskara progrese e que a xente que o descoñece se anime a aprendelo e que o ambiente euskaldún vaia en progreso.



CARTA DUNHA RAPAZA GALEGA

¡Ola a todos e a todas! Eu son Laura, vivo en Santiago e falo galego. Teño 16 anos e estudio cuarto de E.S.O. no Instituto Xelmírez I. Gústame a música, eu toco nun grupo que se chama Sex Plis. Canto e escribo as letras. Facemos unha especie de rock bravú. Eu agora falo galego. Meus pais educáronme en castelán desde pequena, aínda que eles falan galego entre si. Pero como eu era a nena bonita, nunca me falaban galego. Agora si. Hai un ano empecei a falar galego cunhas colegas do barrio de Vite e despois formamos o grupo e decidín botarme a falar galego sempre.

Aos da miña panda gústanos saír de noite, pola zona de marcha, no Ensanche. A min tamén me gusta pasar o tempo nos cibernets, chateando con xente de todo o mundo sobre música. O outro día acabei falando cun brasileiro que pincha hip hop nunha disco de Río de Xaneiro.

2.2. A situación lingüística da mocidade.

- a. Análise de cadros de uso das diferentes linguas por parte dos mozos e mozas das tres comunidades.



	Cos avós	Cos pais	Cos irmáns
Galego	40.8	22.5	19.6
Máis galego	11.0	6.1	2.9
Español	31.2	45.8	65.1
Máis español	13.4	19.4	10.2
As dúas por igual	3.6	6.2	2.2

Emprego do galego do alumnado no ámbito familiar

	Amigos	No club	Discoteca	Tendas	Oficinas	C. médica
Galego	10.2	8.4	10.5	9.2	20.3	14.0
Máis galego	7.0	3.2	5.1	5.5	6.7	5.0
Español	69.3	77.6	73.6	70.0	67.7	67.8
Máis español	18.5	7.1	7.3	9.7	9.2	8.4
As dúas por igual	5.0	3.7	3.5	5.5	6.1	4.7

Comportamento lingüístico do alumnado no ámbito social

	Na aula	No recreo	Deferenza
Galego	11.3	12.4	+1.1
Máis galego	5.1	4.4	-0.7
Español	59.3	66.9	+7.6
Máis español	19.1	12.6	-6.5
As dúas por igual	5.2	3.6	-1.6

Comportamento do alumnado no ámbito escolar

	Até os 12	Dos 12 aos 16	Dos 16 en diante	Variacións de uso de 12 a + 16 anos
Galego	17.8	16.0	19.8	+2
Máis galego	7.1	7.1	5.6	-1.5
Español	48.9	37.5	38.0	-10.9
Máis español	20.2	31.6	27.7	-7.5
As dúas por igual	5.9	7.9	8.9	-3

Cambios de uso lingüístico

- b. Elaboración de estatísticas e de cadros coa situación lingüística en diferentes ámbitos: aula, centro de estudos... Proponse no anexo VI un modelo de inquérito. *(Para o procesamento informático deste inquérito, a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega dispón dun programa que se enviará aos centros escolares que o soliciten)*
- c. A fractura lingüística xeracional. Textos sobre os tres idiomas.

LINGUA GALEGA. TEXTO INFORMATIVO

É o ano 1910. Un labrego de trinta anos chega, coa súa muller, a unha cidade galega. Acaba de mercar unha tendiña na que o traballo é máis doado que nas leiras vendidas. Catro anos despois, xa aforrados uns cartiños, os seus rapaces van ir a unha escola de pago na que mestres e alumnos falan o castelán. Os pais na casa falan en galego agás cando se dirixen aos seus nenos. Inda máis, a nai e o pai non perdoan cando os fillos, nun descoido, volven ao máis doado, ao máis vivo para eles: o galego. Censores severos, non transixen coa mala educación, e nada máis rudo, máis bruto, que falar, alí, en galego. A forza de berros e azoutes, os pais acaban coas transgresións lingüísticas dos fillos. Para estes só hai unha opción lexítima: o castelán. Pais e fillos, cada un á súa maneira, razoan deste xeito.

- a) O galego, máis auténtico, máis vivo, máis rico, non promove socialmente, non confire prestixio.
- b) Falar en castelán é meterse, sen máis, no mundo dos mellores.
- c) ¿Quen son os mellores? Os que teñen cartos, ou os que teñen poder, ou os que teñen berce esgrevio, ou os que teñen postos altos.
- d) Ás veces, abonda con ter diñeiro para ter berce esgrevio, postos altos e poder.
- e) En calquera parte do mundo existen persoas que procuran distinguirse dos demais e, para elo, botan man do vestido, do léxico escolleito, dos obxectos de uso e dos adornos. Para conseguir isto cómpre ter cartos, pois con eles conseguen un cousas e aparencias vedadas aos que non os posúen.
- f) De súpeto, en Galiza, cun pouco de xeito, pode un acercarse aos que son “máis que un” pola vía da fala.

Xa aquí os pais sintense satisfeitos da súa tiranía idiomática e, anos despois, os fillos, cómodos na pequena burguesía conquistada, lembran, sen xenreira algunha, os azoutes da nenez.

A familia do noso relato foi rubindo pouco a pouco tanto que, rematada a Guerra civil, a economía e a lingua castelá amosan naquel fogar unha estupenda saúde. Até os avós a empregan con certo decoro cando hai visita; en canto ao neto, só media ducia de veces se lle rifou por botar man dalgunha frase feita en galego.

Anos despois este rapaz, xa un mozo, é un universitario máis en Santiago. Estudia Económicas –ou Medicina ou Letras–. Avós e pais quedan abraizados cando o estudante, nas primeiras vacacións, lles conta que na Universidade –nun noventa por cen fillos de papá– hai colegas que falan en galego, que escriben en galego, que vencellan a reivindicación do galego á promoción de Galiza. Nas segundas vacacións, aínda que con moitos erros, o mozo universitario, fálalles na lingua do país, na lingua que reprimen os avós, na lingua que marxinan os pais, na lingua en que se emigra e se sacha, na lingua en que se pesca e se gaña un xornal, na lingua na que nalgúns libros definen a nosa terra.

Xesús Alonso Montero: O que cómpre saber da lingua galega. Buenos Aires, 1969.

2.3.Os diferentes modelos de ensino.

a. A situación do euskara.

II.- LINGUA EN EUSKARA

As *ikastolas* son centros educativos que recollen a preocupación do ensino en euskara e a transmisión da lingua basca. Nacen en 1960, en pleno franquismo, e dos 596 alumnos e alumnas de 1964, no ano 1981 xa chegan a 70.000, estendéndose a todos os currunchos de Euskal Herria. A partir do curso 92-93, coa reforma do ensino da Lei da Escola Pública Basca, a maioría das *ikastolas* deciden converterse en centros privados. As *ikastolas* naceran coa fin de “conservar” o euskara dos nenos e nenas bascoparlantes. Mais, coa progresiva incorporación nos anos 70 e 80 de nenos castelán-falantes, iníciase un proceso importante de recuperación lingüística do euskara. Non se trata de “conservar” o euskara en latas de conserva, senón de “recuperalo” por parte daqueles que o perderon, ou de “adquirilo” por parte daqueles que nunca o coñeceron nas familias.

A partir dos anos 80 establécense tres modelos básicos de ensino no País Basco:

Modelo A: ensinanza íntegra en castelán e o euskara como materia.

Modelo B: as dúas linguas empréganse ao 50%.

Modelo D: todo o ensino en euskara. O castelán é unha materia máis.

A escolla dos modelos depende da adhesión voluntaria das familias. A alta motivación para aprender euskara –considerado polo xeral como necesario para vivir en Euskadi– fai que os modelos B e D sexan os preferidos por pais e nais.

Así, a través do modelo D, os castelán-falantes conseguen aprender como segunda lingua o euskara, sen perder por iso o castelán.

En Infantil, de 2 a 5 anos, o modelo A representa no curso 1998-1999 un 13 por cento da poboación escolar. Hai quince anos, o modelo A superaba en número aos alumnos dos modelos B e D conxuntamente. Os pais déronse conta de que o modelo A non facilita a adquisición dun nivel adecuado de euskara, coa frustración que iso supón para os xoves bascos que acaban por non coñecer a lingua do País Basco logo de pasar polo modelo A. Tamén aumentou a motivación persoal e o gusto por aprender euskara. As novas xeracións queren facer súa a lingua para se integraren plenamente na sociedade, pois o euskara na actualidade é un requisito imprescindible para moitos ámbitos sociais e laborais.


Por outro lado, chama a atención a evolución da competencia en lingua basca do profesorado. No curso 76-77 so un 4% do profesorado coñecía o euskara, 384 de 8.284 profesores e profesoras. A partir de entón, o proceso de formación do profesorado evoluiu rapidamente. En 1985 xa podía impartir clases en euskara o 32%, e nos comezos do século XXI, case o 70%.

Existe unha preocupación xeneralizada no País Basco respecto ao importante papel que ten o profesorado cara á normalización lingüística nas aulas. O plano xeral de formación do profesorado en euskara artículase en dúas modalidades: 1) programas nos que participan os profesores que son liberados das súas clases durante o período de realización do curso (6 meses); e 2) cursos de aprendizaxe ou perfeccionamento do euskara fóra do horario das súas obrigas laborais. Así, no curso pasado, o número de profesores liberados para aprender euskara aproximase aos mil, e o dos que participan en cursos, aos catro mil.

A situación do euskara no sistema educativo mellorou notabelmente nos últimos anos, sendo o motor dese incremento o proxecto de planificación lingüística do Goberno basco. A política de normalización da lingua está a permitir que a escola sexa un espazo fundamental para que os nenos e mozos bascos poidan acceder a un futuro en euskara.

b. O galego no ensino.

I. Repara neste esquema e trata de convertelo nun texto explicativo.



Esquema da situación legal da lingua galega no ensino.

Le atentamente a seguinte noticia de prensa:

Os nenos dos concellos de máis de 50.000 habitantes a penas falan galego

Un traballo do Consello da Cultura presentado no congreso de Pontevedra revela a perda de galego-galantes

«Ningún castro en municipios de máis de 50.000 habitantes está a utilizar o galego». A conclusión do traballo de investigación do Consello da Cultura Galego sobre o uso do galego nas aulas exprésase con claridade e en cifras Agustín Fernández Paz no congreso internacional sobre linguas minoritarias que venza hoxe en Pontevedra. No mesmo foro fúxase público o traballo presentado pola Asociación Socio Lingüística Galega que defende o alto cumprimento de normativas do galego nas aulas.

REGULACIÓN DE POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS

Na tarde do xoves pasado en Pontevedra, durante o congreso de investigación de IFO-Euroa. Un foro celebrado nos tres castellos de campo á a parca do galego falantes que en vinte anos houbo unhas poucas na parroquia de poboación que sempre era lingua, unha cifra que mal agarda no ensino por certo.

O profesor de Universidade de Ginebra, Xosé Ramón Pérez Mato, preside o traballo patrocinado pola Comisión Europea e financiado por un amplo grupo de investigadores repartidos polos centros de estudos de Ginebra, País Basco e Barcelona. En dúas sesións se refiren as distintas políticas lingüísticas das comunidades. No caso de Galicia, sustentáronse dous anos en fronte pública polo Magy Socio-lingüístico que han de incrementar a utilización do galego nas aulas e en especial nos castellos de campo.

Este último dato foi exposto polo traballo do Consello da Cultura, que preside o escritor Agustín Fernández Paz, segundo o que as situacións para o galego están nos centros privados e urbanos. Neste senso afirma que os profesores que aí falan galego no ensino privado son un castro por cento e en al menos que se non utilizan no máis castello que galego-algo supero o 15%.

Unha outra realidade sobre a situación do galego despois de vinte anos de financia a a conforza de Xosé Ramón Pérez Mato, responde un grupo de sociolingüistas e membros do equipo internacional que traballan a Deputación Universid dos Dereitos Lingüísticos, pedida lista o congreso de Pontevedra.

A EVOLUCIÓN DAS LINGUAS MINORITARIAS

Asígnase a seguinte tarefa:

- III. Resume o contido da noticia.
- IV. Segundo o estudo que se cita, ¿qué opinas da situación do galego nas aulas?
- V. Trata de explicar, oralmente, o contido do gráfico que aparece.

c. O ensino en bretón

I. Lectura do texto que segue:

A lingua bretoa non chegou ao mundo do ensino até hai moi pouco tempo. Foi en 1977 cando un grupo de persoas, particularmente, decidiron constituír, para os seus fillos e fillas unha escola na súa propia lingua: as escolas Diwan. Para isto trataron de imitar o modelo das *ikastolas* que xa existía en Euskadi. Comezaron só con sete rapaces e rapazas, pero hoxe estas escolas chegan aos 2.600 alumnos/as. Hai 32 centros de primaria, catro colexios de secundaria e un instituto, contando con case douscentos traballadores e traballadoras. Todo iso para unha poboación de catro millóns de persoas, das que hoxe só falan bretón arredor de cincocentas mil. Como dixemos, foi iniciativa privada, sen ningún tipo de axudas públicas por parte do Estado francés. Sen embargo, nos últimos tempos, este Estado promoveu a apertura de centros de ensino bilingües, que acollen hoxe no seu seo a 2.800 rapaces e rapazas.

Ademais hai cursos de bretón para adultos, pois moita xente que xa non está na escola quere aprender a lingua, ás veces mesmo para poder axudar aos fillos e fillas coas tarefas escolares. No ano 1981 nace a Licenciatura en lingua bretoa, na que hoxe se contan máis de trescentos estudantes. Esas persoas serán as encargadas do ensino da lingua nas escolas.

Recentemente, o Estado Francés e as escolas Diwan comezaron un proceso de cara a inclusión destas no sistema educativo público, pero, desgrazadamente ese proceso non tivo continuidade. Porén, o número de rapaces e rapazas que estudian nas escolas en bretón aumenta ano tras ano, o que demostra o desexo da mocidade bretoa de conservar a súa lingua e a súa cultura.

II. Lectura do seguinte texto:

A FAZAÑA DE JILL

A pequena fazaña de Jill Quillévére, de Plouarzel, ficará nos anais. En xuño de 1979 cursou o bacharelato, na opción D (ciencias e técnicas agrícolas). E, en fin, redixiu todas as probas escritas, agás o francés, en bretón. Tivo a precaución de escribir en cada unha das follas: “A lingua bretoa beneficia sempre a instrución escolar, e isto, a pesar do contrato entre o Estado e a rexión de Bretaña, permítome solicitar da súa benevolencia un corrector que saiba bretón”.

Imaxinamos a perplexidade dos examinadores e a do rectorado académico, no momento en que este molesto caso lle fose remitido. Nunha primeira instancia pensouse en cualificalo cun cero. Despois de reflexións, coas dúbidas e vacilacións imaxinábeis, o tribunal corrector rematará mesmo por aprobalo.


“Eu quixen mostrar como a lingua bretoa vale perfectamente para expresar a realidade do noso tempo”, declararíase posteriormente ao xornalista Christian Tual, do Telegramme.

O acontecemento adquiriu, naturalmente, unha dimensión estatal. Un pouco despois, a revista Turbule expresa o seu sentir sobre o xeito cómo se imparten as clases de bretón na secundaria: “Trátase dunha política cultural procedente de París. As clases teñen lugar ao remate da xornada ou entre o mediodía e as dúas da tarde. É dicir, as peores horas para unha escoita atenta e proveitosa. Por se fose pouco, cómpre atopar os profesores ou profesoras para impartilas.

A resposta de Christian Beullac, ministro de Educación do Estado, á pregunta escrita que lle fixera o 3 de marzo de 1980 o deputado Xavier Denian, a propósito deste asunto (o bacharelato en bretón), mostra o abismo de perplexidade no que este feito sumiu ás máis altas autoridades do Estado. Velaquí tal como figura no Diario Oficial da República da época: “Tratándose dun diploma nacional, é evidente que a lingua na que son corrixidas as probas, é, sen ningún tipo de dúbidas, o francés... É, sen dúbida, a partir de declaracións abusivas e non controladas, que se puido acreditar o mito de que un candidato pasou as probas de selectividade nunha lingua distinta á francesa. A avaliación das probas, por parte dos correctores e polo tribunal faise, en efecto, e con dereito, só a partir de que lles é comprensíbel na nosa lingua”.

Jean-Charles Perazzi: De Diwan, vingt ans d'enthousiasme, de doute et d'espoir

- I. ¿Cómo cualificarías a actitude do protagonista do texto?
- II. ¿Cal é a túa opinión da reacción das autoridades francesas?
- III. ¿Farías algo parecido ao que fixo Jill se non fose legal facer os teus exames en galego?
- IV. ¿Asinarías un contrato comprometéndote a falar sempre en galego? Consulta o anexo VII.



2.4. A participación da mocidade. Análise de exemplos paralelos: As carreiras pola lingua.



2.5. ¿Qué podo facer eu?

a. Actividade: "O meu tempo de lecer".

Cumprimenta este cadro no que se reflicte unha serie de actividades cotiás. Trátase de valorar de 0 a 10 puntos a presenza do galego e do castelán nas mesmas.

Actividade	Puntuación galego	Puntuación castelán
Cinema		
Televisión		
Internet (Páxinas web)		
Música		
Leitura		
Móbil		
Chat		
Xornais		
Revistas		
Xornais		
Teatro		

A continuación farase unha lista coa puntuación que corresponda ao galego. Cada alumno/a debe aportar unha solución para mellorar esta nota. Ao final poñeranse en común e anotarase nun mural que se exporá na parede da aula.

2.6. Para rematar, propoñemos que elaboredes unha lista de libros, discos, páxinas web, e películas no noso idioma que abordan os máis variados temas relacionados (ou non) coa mocidade.

Libros:

Discos:

Páxinas Web:

Películas:

ANEXOS

ANEXOS

ANEXO I

ACTIVIDADE FAMILINGUAS

LINGUAS DE EUROPA

Occitano**Grupo: Románicas**

É a lingua minorizada máis estendida da Franza. Tivo grande prestixio na Idade Media cando foi utilizada polos trobadores da época.

Galego**Grupo: Románicas**

Hoxe é falado por máis de tres millóns de persoas en diferentes territorios administrativos: Galicia onde é lingua cooficial co español, Asturias e Castela León. Nestas lugares, as comunidades de falantes do galego demandan o seu recoñecemento oficial.

Romanés**Grupo: Románicas**

É falado por 20 millóns de persoas. En Romanía é a lingua oficial, pero tamén se fala en Hungría, Israel, Moldavia, Ucraína e Iugoslavia.

Francés**Grupo: Románicas**

É a única lingua oficial recoñecida polo Estado Francés, aínda que se falan tamén o bretón, o occitano, o italiano, o alemán, o flamengo, o euskera e o catalán (17 millóns de falantes). Tamén é oficial na franxa occidental de Suíza.

Italiano**Grupo: Románicas**

É unha das dez linguas faladas en Italia. É a lingua oficial do estado. Só algunhas das outras comunidades lingüísticas teñen algunha protección estatal (alemán, esloveno e franco-provenzal)

Catalán**Grupo: Románicas**

É a única lingua oficial en Andorra. Sen embargo en Cataluña, Illes Balears e País Valencià é unha lingua minorizada compartindo a oficialidade co español. Tamén se fala no occidente de Aragón e na cidade de l'Alguer na Illa de Cerdeña.

Corso**Grupo: Románicas**

Lingua falada na Illa de Córcega, dependente do estado francés. Hoxe en día estase a demandar o seu recoñecemento oficial.

Gaélico irlandés**Grupo: Célticas**

Fálase na Irlanda.
É a primeira lingua oficial, segundo segundo a Constitución Irlandesa, seguida do inglés. A pesar disto é unha lingua minorizada e que perdeu grande prestixio social.

Bretón

Grupo: Célticas

Lingua falada desde o século XI no territorio de Bretaña, no Estado Francés. Non está recoñecida oficialmente e neste século o número de falantes descendeu alarmantemente.

Ruso

Grupo: Eslavas

170 millóns de falantes. En Rusia é a lingua oficial, pero tamén hai moitos falantes en China e Mongolia. Utiliza o alfabeto cirílico que posúe 33 letras.

Polaco

Grupo: Eslavas

É a lingua oficial de Polonia. Ten comunidades de falantes en Alemaña, Chequia, Romanía, Eslovaquia... María Dabrowska é unha das escritoras máis importantes da literatura polaca contemporánea.

Galés

Grupo: Célticas

Lingua minorizada non recoñecida oficialmente por Gran Bretaña. Fálase en boa parte de Gales, por máis de medio millón de persoas. Moitos mozos e mozas procuran a recuperación hoxe desta lingua.

Serbo-croata

Grupo: Eslavas

Conta con máis de 20 millóns de falantes espallados polo sureste europeo (Iugoslavia, Croacia, Bosnia, Austria, Albania...). Os serbios e montenegrinos utilizan o alfabeto cirílico e os croatas o alfabeto latino.

Euskera

Grupo: Vasca

Esta lingua non coñece fronteiras políticas. Falase no País Vasco e Navarra no estado español, e no País Vasco Francés. A norma escrita do euskera (Euskera batua) foi decidida pola Academia da Lingua Vasca, fundada en 1919.

Alemán

Grupo: Xermánicas

É falado por 100 millóns de persoas. En Alemaña é a lingua oficial. Tamén o é en Austria, Bélxica ou Suíza. Fálase noutros países como Dinamarca, Polonia, Kazagstán, etc.

Lituano

Grupo: Eslavas

É a lingua oficial de Lituania, falada por 3 millóns de persoas, o que constitúe o 80% do total da poboación. Tamén se falan o karaim e o romaní.

Eslovaco**Grupo: Eslavas**

Lingua nacional de Eslovaquia desde a súa independencia. É falado por 5 millóns de persoas. Tamén se fala en Hungría e Iugoslavia.

Checo**Grupo: Eslavas**

Falado por 10 millóns de persoas na Republica Checa, onde é lingua oficial. Do século XI datan o primeiro himno escrito nesta lingua.

Noruegués**Grupo: Xermánicas**

En Noruega hai dúas linguas oficiais, variantes dunha mesma o neonoruegués e o danonoruegués, este último moi influenciado polo danés, de cando a dominación deste estado sobre o territorio noruegués. Hoxe trátase de sintetizar as dúas nunha soa, o samnorsk.

Danés**Grupo: Xermánicas**

É falado por 5 millóns de persoas en Dinamarca, onde é a lingua oficial. Tamén hai comunidades con este idioma en Alemaña e Grenlandia.

Inglés**Grupo: Xermánicas**

En todo o mundo é falado por uns 350 millóns de persoas. Como segunda lingua o total ascende a máis de 500 millóns de persoas. É a lingua oficial de moitos países: Gran Bretaña, USA, Australia...

Chinés Mandarín

É falada polo 70% da poboación china, cun total de 860 millóns de falantes. É unha lingua construída, na escrita, a partir do dialecto beijing. É lingua oficial. Hai unha ducia de linguas co nome de chinesas: min dong, min nan, jin yu, pu-xian, etc.

Curdo**Grupo: Indoiranias**

En Iraq conta con máis de 3 millóns de falantes, e é considerada lingua oficial. É chamada Sorani. Hai máis de 11 millóns de falantes deste idioma espallados por todo o mundo.

Cheién**Grupo: Algoquinas**

Falada por preto de 2000 falantes na reserva cheién en Montaña e Oklahoma en USA. Lingua falada polos maiores, a mocidade prefere o inglés

Guaraní Paraguaio

Grupo: Tupí-guaraní

Conta con catro millóns e medio de falantes en Paraguai(95% da poboación). Ten unha forma coloquial, o Soporá, mesturado con vocábulos españois. O 52% da poboación rural fala só guaraní. Está incluído no ensino.

Hebreo

Grupo: Semíticas

Lingua do estado de Israel onde é falada polo 80% da poboación. Tamén é falada por comunidades hebreas en todo o mundo: Australia, Canadá, Alemaña, Panamá, Gran Bretaña, e USA. Conta con Academia. Existe un antigo hebreo do cal este non se considera un descendente directo.

Suahili

Grupo: Bantú

Lingua falada en Tanzania onde o 95% da poboación a sabe e a utiliza en ámbitos sobre todo coloquiais. É considerada lingua nacional e emprégase no ensino. En Burundi, mesmo hai programación de televisión en suahili. Tamén se fala en Kenia, Somalia, Sudáfrica, Uganda, e Monzanbique, onde é segunda lingua.

Somalí

Grupo: Cusitas

Máis de 5 millóns de falantes en Somalia. Lingua con numerosas variantes e dialectos, a veces de difínil intercomprensión. Tamén se fala en Etiopía e Kenia, ata un total de dez millóns de falantes.

Grupo Xermánicas

Grupo de linguas da familia indoeuropea. Constitúen un grupo moi pequeno do total de linguas faladas no mundo, pero teñen unha proporción de falantes moito maior, arredor dos 600 millóns de falantes, dos cales o 75% corresponden ao inglés.

Grupo Xermánicas

Grupo de linguas da familia indoeuropea. Constitúen un grupo moi pequeno do total de linguas faladas no mundo, pero teñen unha proporción de falantes moito maior, arredor dos 600 millóns de falantes, dos cales o 75% corresponden ao inglés.

Grupo Xermánicas

Grupo de linguas da familia indoeuropea. Constitúen un grupo moi pequeno do total de linguas faladas no mundo, pero teñen unha proporción de falantes moito maior, arredor dos 600 millóns de falantes, dos cales o 75% corresponden ao inglés.

Grupo Xermánicas

Grupo de linguas da familia indoeuropea. Constitúen un grupo moi pequeno do total de linguas faladas no mundo, pero teñen unha proporción de falantes moito maior, arredor dos 600 millóns de falantes, dos cales o 75% corresponden ao inglés.

Grupo Románicas

É un dos grupos principais da familia indoeuropea. Ten uns 700 millóns de falantes. Estas linguas son: romanés, italiano, friulano, romanche, ladino, sardo, corso, francés, occitano, galego, aragonés, español, asturiano, portugués, e galego. Proceden todas do latín.

Grupo Románicas

É un dos grupos principais da familia indoeuropea. Ten uns 700 millóns de falantes. Estas linguas son: romanés, italiano, friulano, romanche, ladino, sardo, corso, francés, occitano, galego, aragonés, español, asturiano, portugués, e galego. Proceden todas do latín.

Grupo Románicas

É un dos grupos principais da familia indoeuropea. Ten uns 700 millóns de falantes. Estas linguas son: romanés, italiano, friulano, romanche, ladino, sardo, corso, francés, occitano, galego, aragonés, español, asturiano, portugués, e galego. Proceden todas do latín.

Grupo Románicas

É un dos grupos principais da familia indoeuropea. Ten uns 700 millóns de falantes. Estas linguas son: romanés, italiano, friulano, romanche, ladino, sardo, corso, francés, occitano, galego, aragonés, español, asturiano, portugués, e galego. Proceden todas do latín.

Grupo Románicas

É un dos grupos principais da familia indoeuropea. Ten uns 700 millóns de falantes. Estas linguas son: romanés, italiano, friulano, romanche, ladino, sardo, corso, francés, occitano, galego, aragonés, español, asturiano, portugués, e galego. Proceden todas do latín.

Grupo Románicas

É un dos grupos principais da familia indoeuropea. Ten uns 700 millóns de falantes. Estas linguas son: romanés, italiano, friulano, romanche, ladino, sardo, corso, francés, occitano, galego, aragonés, español, asturiano, portugués, e galego. Proceden todas do latín.

Grupo Románicas

É un dos grupos principais da familia indoeuropea. Ten uns 700 millóns de falantes. Estas linguas son: romanés, italiano, friulano, romanche, ladino, sardo, corso, francés, occitano, galego, aragonés, español, asturiano, portugués, e galego. Proceden todas do latín.

Grupo Célticas

Pertencen á familia indoeuropea. Teñen a súa orixe nas linguas falados polos pobos celtas que no primeiro milenio a.C. se estenderon por Europa occidental. Hoxe case todas elas teñen problemas de supervivencia, aínda que se tratan de normalizar nos seus lugares de orixe. Teñen arredor de 2,5 millóns de falantes.

Grupo Célticas

Pertencen á familia indoeuropea. Teñen a súa orixe nas linguas falados polos pobos celtas que no primeiro milenio a.C. se estenderon por Europa occidental. Hoxe case todas elas teñen problemas de supervivencia, aínda que se tratan de normalizar nos seus lugares de orixe. Teñen arredor de 2,5 millóns de falantes.

Grupo Célticas

Pertencen á familia indoeuropea. Teñen a súa orixe nas linguas falados polos pobos celtas que no primeiro milenio a.C. se estenderon por Europa occidental. Hoxe case todas elas teñen problemas de supervivencia, aínda que se tratan de normalizar nos seus lugares de orixe. Teñen arredor de 2,5 millóns de falantes.

Grupo Eslavas

Pertencen á familia indoeuropea. Faladas en Europa Oriental, por pobos descendentes dos antigos eslavos. Teñen unhs trescentos millóns de falantes, entre os que destacan os 150 millóns que falan o ruso.

Grupo Eslavas

Pertencen á familia indoeuropea. Faladas en Europa Oriental, por pobos descendentes dos antigos eslavos. Teñen unhs trescentos millóns de falantes, entre os que destacan os 150 millóns que falan o ruso.

Grupo Eslavas

Pertencen á familia indoeuropea. Faladas en Europa Oriental, por pobos descendentes dos antigos eslavos. Teñen unhs trescentos millóns de falantes, entre os que destacan os 150 millóns que falan o ruso.

Grupo Eslavas

Pertencen á familia indoeuropea. Faladas en Europa Oriental, por pobos descendentes dos antigos eslavos. Teñen unhs trescentos millóns de falantes, entre os que destacan os 150 millóns que falan o ruso.

Grupo Eslavas

